

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIONES COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

6624 *Real decreto 284/2021, do 20 de abril, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada e polo que se modifica o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.*

A Directiva 2003/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2003, relativa á cualificación inicial e á formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada, pola que se modifican o Regulamento (CEE) n.º 3820/85 do Consello e a Directiva 91/439/CEE do Consello e se derroga a Directiva 76/914/CEE do Consello, estableceu unha nova formación obrigatoria para determinados condutores profesionais.

A formación obrigatoria dos condutores establecíase como algo diferente da existente para a obtención dos permisos de condución e consistía, por un lado, nunha cualificación inicial que debe obterse con independencia do permiso de condución e, por outro, unha formación continua dirixida a manter actualizados os coñecementos inicialmente exixidos.

A Directiva 2003/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2003, incorporouse ao dereito español mediante o Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.

Mediante a Directiva (UE) 2018/645 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de abril de 2018, modificáronse tanto a Directiva 2003/59/CE como a Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, sobre o permiso de condución, co fin de corrixir as principais deficiencias detectadas na aplicación da primeira, así como clarear na segunda directiva a idade en que poden expedirse determinados permisos de condución aos titulares dun certificado de aptitude profesional.

Faise necesario, por tanto, incorporar, mediante esta norma, ao ordenamento xurídico español as novidades introducidas pola citada Directiva (UE) 2018/645, exclusivamente no que á Directiva 2003/59/CE se refire, ademais de modificar algúns contidos do Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo. A fin de que a regulación da cualificación inicial e a formación continua dos condutores profesionais sexa o máis sistemática posible, procedeuse a elaborar un novo real decreto sobre a materia.

Por isto, reformuláronse as exencións daqueles condutores que non teñen a obrigação de obter a formación específica, de conformidade co previsto na normativa comunitaria.

Por outra parte, flexibilizáronse os requisitos para que unha empresa autorizada como centro de formación poida prestar os seus servizos en todo o territorio nacional.

E, fundamentalmente, incorporáronse novos contidos formativos relacionados coa condución eficiente desde o punto de vista do carburante e do avance tecnolóxico dos vehículos, así como coa seguranza viaria e a anticipación aos perigos. Ademais, reorganizouse a formulación de cursos de cualificación inicial e continua, de maneira que permitan ter en conta, como prevé a directiva, outras formacións cursadas polo alumno en cumprimento doutras normas comunitarias, e proveuse o programa da suficiente flexibilidade para que exista unha formación variada e o máis adaptada posible ás necesidades dos condutores. Por último, incorporáronse diferentes opcións de formación práctica nos cursos de formación continua dotándoos de maior atractivo para os condutores.

Ademais, e como xa recollía o Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, e agora recolle expresamente a Directiva (UE) 2018/645 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de

abril de 2018, mantense a polivalencia de formacións nos supostos de realización de cursos exixidos para a obtención da cualificación dos condutores de vehículos que transportan mercadorías perigosas, sempre que se cumpra coa normativa específica reguladora de tales cursos.

Tamén se manteñen as previsións que deron cumprimento ao sinalado no Acordo do Consello de Ministros do 21 de outubro de 2005, polo que se desenvolveron e aplicaron distintas medidas relativas ao sector do transporte por estrada, para a mellora das condicións de transparencia e competencia no sector.

O texto modifica, mediante a súa disposición derradeira primeira, o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, coa finalidade de corrixir determinadas deficiencias formais, fundamentalmente en materia de infraccións, que se detectaran após a modificación operada neste ámbito mediante o Real decreto 70/2019, do 15 de febreiro, polo que se modifican o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres e outras normas regulamentarias en materia de formación dos condutores dos vehículos de transporte por estrada, de documentos de control en relación cos transportes por estrada, de transporte sanitario por estrada, de transporte de mercadorías perigosas e do Comité Nacional do Transporte por Estrada. Ademais, por indicación da Comisión Europea, modifícase o contido do anexo II, número 8, deste real decreto, sobre os criterios de corrección dos exames de competencia profesional.

Este real decreto axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

En aplicación dos principios de necesidade e eficacia, queda suficientemente xustificado nos parágrafos anteriores que esta norma persegue un interese xeral, que ten uns fins claramente identificados e que é o instrumento máis adecuado para conseguilos.

Así mesmo, esta norma proporciona coherencia ao noso ordenamento xurídico e é o instrumento máis adecuado para isto e sen que exista ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos. Cumpre, por tanto, os principios de proporcionalidade e seguranza xurídica.

De acordo co principio de transparencia, seguiuise na tramitación desta norma o disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, ademais de posibilitar a participación activa dos destinatarios mediante o proceso de consultas a que se someteu a iniciativa.

En aplicación do principio de eficiencia, esta norma contén determinadas medidas tendentes a evitar cargas administrativas innecesarias ou accesorias e racionalizar a xestión dos centros que imparten a formación exixida por esta norma.

Así mesmo, en cumprimento do previsto na Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, o proxecto de real decreto foi sometido ao preceptivo trámite de consulta e audiencia mediante a súa posta á disposición dos sectores afectados na sede electrónica do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana. O texto enviouse ao Consello Nacional de Transportes Terrestres, ao Comité Nacional do Transporte por Estrada e aos órganos competentes en materia de transporte terrestre das distintas comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e do ministro do Interior, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de ministros na súa reunión do día 20 de abril de 2021,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto regular as condicións para a obtención do certificado de aptitude profesional, acreditativo da correspondente cualificación inicial, e da realización dos cursos de formación continua, necesario para a conducción por vías públicas españolas de vehículos que efectúen unha actividade de transporte por estrada e pertencen a empresas establecidas en calquera Estado membro da Unión Europea, para a cal resulte obrigatorio estar en posesión de permisos de conducción das categorías C1, C1+E, C, C+E, D1, D1+E, D ou D+E, definidas no Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.

Artigo 2. *Exencións.*

1. O disposto neste real decreto non será de aplicación aos condutores dos seguintes vehículos:

a) Aqueles cuxa velocidade máxima autorizada non supere os 45 quilómetros por hora.

b) Os que utilicen os servizos das Forzas Armadas, a protección civil, os bombeiros, os corpos e forzas de seguridade e os servizos de ambulancias de emerxencia, ou baixo o control das mencionadas forzas e organismos, sempre que o transporte sexa consecuencia das funcións correspondentes aos mencionados servizos.

c) Os que estean a ser sometidos a probas na estrada para fins de mellora técnica, reparación ou mantemento, ou ben sexan novos ou transformados e aínda non se puxesen en circulación.

d) Aqueles que exixan estar en posesión dun permiso de conducir das categorías D ou D1, conducidos, sen pasaxeiros, por persoal de mantemento nos desprazamentos cara a ou desde o centro de mantemento á empresa de transportes para a cal efectúa o mantemento, sempre que a conducción non constitúa a actividade principal do condutor.

e) Os utilizados en situacións de emerxencia ou que se encontren destinados a misións de salvamento, incluídos os utilizados no transporte humanitario sen ánimo de lucro.

f) Os utilizados nas clases prácticas e nos exames destinados a obter o permiso de conducción ou o certificado de aptitude profesional, sempre que non se realice un transporte durante esas actividades.

g) Os utilizados para realizar transporte privado particular de viaxeiros ou mercadorías definido no artigo 101 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

h) Os utilizados para realizar transporte privado complementario en que exclusivamente se transporten materiais, equipamentos ou maquinaria para uso do condutor no exercicio da súa profesión, sempre que a conducción do vehículo non constitúa a actividade principal do condutor.

i) Os utilizados para realizar as modalidades de transporte sinaladas nas alíneas b) e e) do artigo 33.2 do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.

j) Os utilizados para circular nas zonas rurais para o abastecemento da propia empresa do condutor, sempre que se trate de transporte privado complementario e sexa ocasional.

k) Os vehículos utilizados ou alugados sen condutor por empresas agrícolas, hortícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras para o transporte de mercadorías no marco

da súa propia actividade empresarial, salvo se a condución forma parte da actividade principal do condutor ou se a condución supera unha distancia superior a 100 quilómetros arredor do centro de explotación.

2. Para os efectos previstos nas alíneas d), h) e k) do número anterior, considerarase que a condución non é a actividade principal do condutor cando represente menos do trinta por cento do seu traballo mensual.

Artigo 3. *Certificado de aptitude profesional.*

1. O certificado de aptitude profesional acreditará que o condutor a cuxo favor se expedise superou os cursos e exames exixidos para obter a cualificación inicial dos condutores.

Este certificado carecerá de prazo de validez determinado, ben que súa vixencia quedará subordinada a que o seu titular siga, dentro dos prazos previstos, os cursos de formación continua pertinentes.

O certificado de aptitude profesional será anotado no Rexistro de Empresas e Actividades de Transporte polos órganos competentes para o outorgamento de autorizacións habilitantes para a realización de transporte público discrecional de viaxeiros e mercadorías por estrada, de conformidade co previsto no artigo 19.

2. Estarán exentos da obrigaçión de cualificación inicial os condutores que sexan titulares dos seguintes permisos de condución:

a) Dunha das categorías D1, D1+E, D, D+E ou dun permiso recoñecido como equivalente, expedido antes do 11 de setembro de 2008.

b) Dunha das categorías C1, C1+E, C, C+E ou dun permiso recoñecido como equivalente, expedido antes do 11 de setembro de 2009.

Os condutores incluídos nestes supostos que non dispoñan dunha tarxeta de cualificación do condutor en vigor deberán realizar un curso de formación continua con carácter previo á súa obtención.

CAPÍTULO II

Cualificación inicial

Artigo 4. *Modalidades de obtención do certificado de cualificación inicial dos condutores.*

O certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial dos condutores poderá obterse nas modalidades ordinaria ou acelerada.

En ambas as modalidades deberá superarse un curso de formación obrigatoria, integrado por clases presenciais e formación práctica, que pode incluír formación impartida mediante tecnoloxías da información e a comunicación e/ou simuladores de alto nivel, ademais dun exame.

Artigo 5. *Cualificación inicial ordinaria.*

1. A modalidade ordinaria de obtención da cualificación inicial do condutor consistirá na asistencia a un curso de 280 horas de duración, cuxo contido versará sobre as materias que integran o programa sinalado no anexo I, letra A), e a superación do exame regulado no capítulo VI.

Non será necesaria a titularidade previa de permiso de condución para seguir os cursos e concorrer aos exames destinados á obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial na súa modalidade ordinaria.

2. Os que obtivesen o certificado de aptitude profesional acreditativo da súa cualificación inicial na modalidade ordinaria quedarán habilitados para conducir, sempre que ademais conten co correspondente permiso de condución, a partir das idades

previstas no Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, para este suposto.

Artigo 6. *Cualificación inicial acelerada.*

1. A modalidade acelerada de obtención da cualificación inicial do condutor consistirá na asistencia a un curso de 140 horas de duración, cuxo contido versará sobre as materias que integran o programa sinalado no anexo I, letra A), e a superación do exame regulado no capítulo VI.

Non será necesaria a titularidade previa de permiso de condución para seguir os cursos e concorrer aos exames destinados á obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial na súa modalidade acelerada.

2. Os que obtivesen o certificado de aptitude profesional acreditativo da súa cualificación inicial na modalidade acelerada quedarán habilitados para conducir, sempre que ademais conten co correspondente permiso de condución, a partir das idades previstas no Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, para este suposto.

CAPÍTULO III

Formación continua

Artigo 7. *Cursos de formación continua.*

1. A formación continua, obrigatoria para todos os condutores incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, deberá permitirlles actualizar os coñecementos esenciais para o exercicio das súas funcións facendo especial fincapé na seguranza na estrada, a saúde e a seguranza no traballo e a redución do impacto ambiental da condución. Esta formación ten por finalidade afondar e revisar algunha das materias do anexo I, letra A).

2. A fin de dar cumprimento á exigencia de formación continua, os condutores deberán superar un curso dunha duración de 35 horas cada cinco anos, sobre as materias que integran o programa sinalado no anexo I, letra B).

Este curso poderá realizarse en períodos descontinuos, sempre que estes sexan impartidos por unha mesma empresa CAP autorizada, dentro dun mesmo ano natural e ningún deles teña unha duración inferior a 7 horas, que pode dividirse en dous días consecutivos. Neste suposto, cada período efectuado polo condutor deberá ser tido en conta no cómputo total da súa formación continua.

3. O curso de formación continua incluírá clases presenciais e formación práctica, e pode incluír, aínda que non necesariamente, formación impartida mediante vehículos, simuladores de alto nivel ou ambos.

4. O curso de formación continua deberá seguirse por primeira vez antes de que transcorran cinco anos desde que se obtivo o primeiro certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial e debe repetirse a partir de entón ao menos cada cinco anos, nos termos previstos no artigo 20.

5. Unicamente poderán realizar os cursos de formación continua previstos neste capítulo os que previamente sexan titulares do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial e se encontren en posesión dun permiso de condución en vigor dalgunhas das categorías sinaladas no artigo 1.

6. Os condutores que deixasen de exercer a profesión e non dispoñan dunha tarxeta de cualificación do condutor en vigor deberán seguir un curso de formación continua antes de volver exercer.

7. Os condutores que realicen transportes de mercadorías ou viaxeiros por estrada e completasen cursos de formación continua para unha das categorías de permisos previstas no artigo 1 estarán dispensados de seguir unha formación continua para outra das categorías de permiso de condución de vehículos previstas no artigo citado.

CAPÍTULO IV

Empresas autorizadas como centros de formación*Artigo 8. Autorización das empresas como centros de formación.*

Os cursos necesarios para obter a cualificación inicial, tanto ordinaria como acelerada, así como a formación continua, unicamente poderán ser impartidos polas empresas autorizadas para isto como centros de formación polas administracións públicas competentes para o outorgamento de autorizacións de transporte público, que se denominarán empresas CAP.

Artigo 9. Outorgamento da autorización.

1. As empresas que desexen impartir calquera das modalidades de formación que se regulan neste real decreto deberán solicitar, utilizando exclusivamente medios electrónicos, a correspondente autorización de empresa CAP ao órgano competente para o outorgamento de autorizacións de transporte público discrecional de viaxeiros e mercadorías por estrada no territorio correspondente ao seu domicilio fiscal, acompañando a súa solicitude de tanta documentación resulte necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos sinalados no anexo II.

No suposto de que o centro físico se sitúe nunha comunidade autónoma distinta de onde a empresa dispón do domicilio fiscal, o órgano competente para outorgar a autorización será o da Administración correspondente por razón do territorio en que se sitúe o centro.

Examinada a documentación presentada e comprobada a adecuación da empresa ás exigencias deste real decreto, o órgano competente outorgará a autorización, que terá validez en todo o territorio nacional, e inscribira no Rexistro de Empresas e Actividades de Transporte.

O órgano competente poderá complementar o exame da documentación presentada mediante a inspección material das instalacións do centro e a solicitude doutra documentación complementaria.

2. Sen prexuízo do disposto nos dous parágrafos anteriores, se transcorresen tres meses sen que a Administración competente resolvase e notificase acerca da solicitude formulada, esta entenderase desestimada por silencio administrativo de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. As empresas que sexan titulares dunha autorización de empresa CAP de conformidade co establecido nos números anteriores poderán, logo de comunicación electrónica ao órgano competente por razón do territorio en que se vaian localizar, abrir sucursais en lugares distintos daquel en que se encontre domiciliada a autorización. Para tal efecto, deberán dispor das instalacións e medios necesarios para desenvolver a actividade, nos termos previstos no anexo II, números 4, 5, 6 e 7.

Esa comunicación efectuarase de conformidade co previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

4. As empresas que sexan titulares dunha autorización de empresa CAP poderán, así mesmo, utilizar aulas móbiles sempre que quede garantido o desenvolvemento adecuado da actividade formativa e cumpran cos requisitos de equipamento das instalacións e medios necesarios para desenvolver a actividade exixidos no anexo II, números 4, 5, 6 e 7, logo de comunicación ao órgano competente para autorizar a empresa CAP de conformidade co disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

5. As especialidades dos profesores que impartan cursos CAP de conformidade co disposto no anexo II, número 3, terán validez, unha vez recoñecidas polo órgano competente, en todo o territorio nacional.

Artigo 10. *Constatación periódica do cumprimento dos requisitos da empresa CAP, das súas sucursais e aulas móbiles.*

1. A validez da autorización outorgada a unha empresa CAP estará condicionada ao cumprimento continuado das condicións exixidas para o seu outorgamento.

As empresas CAP estarán obrigadas a facilitar aos órganos administrativos a documentación que lles sexa requirida para estes efectos, así como a variación dos datos tidos en conta para o outorgamento da autorización.

Idénticas regras serán de aplicación ás sucursais e aulas móbiles que sexan comunicadas por unha empresa CAP.

2. En todo caso, o órgano competente para o outorgamento da autorización deberá comprobar, ao menos quinquenalmente, que a empresa CAP continúa cumprindo as condicións exixidas para o outorgamento daquela.

Así mesmo, o órgano competente por razón do territorio en que se encontren situadas comprobará cada cinco anos que as sucursais dunha empresa CAP continúan cumprindo as condicións exixidas para o recoñecemento do título habilitante para o exercicio da actividade.

Coa mesma periodicidade, o órgano competente que autorizou a empresa CAP verificará que as aulas móbiles comunicadas pola empresa son aptas para impartir os cursos de formación previstos neste regulamento.

A comprobación quinquenal de requisitos será feita constar polo órgano competente no Rexistro de Empresas e Actividades de Transporte.

CAPÍTULO V

Cursos de formación

Artigo 11. *Homologación de cursos de formación.*

Os cursos impartidos por unha empresa CAP deberán axustarse a un modelo previamente homologado polo mesmo órgano administrativo que autorizou a empresa.

Para que un curso modelo sexa homologado, a empresa deberá presentar unha memoria en que se conteñan as especificacións sinaladas no anexo III.

Examinada a dita memoria, e unha vez comprobado que o contido do modelo de curso inclúe a totalidade das materias recollidas no anexo I e que o persoal docente e os medios propostos, así como a duración, resultan adecuados aos fins perseguidos por este real decreto, o órgano competente, no prazo máximo de tres meses, ditará e notificará a resolución homologándoo e inscribiraos no Rexistro de Empresas e Actividades de Transporte.

A referida homologación será válida en canto non se modifique o contido ou características do curso.

Os cursos homologados a unha mesma persoa física ou xurídica titular dunha autorización de empresa CAP en virtude do previsto no capítulo anterior poderán impartirse en todas as súas sucursais e aulas móbiles comunicadas.

Artigo 12. *Mecánica dos cursos.*

1. As empresas CAP deberán comunicar, por vía electrónica e conforme o indicado no anexo IV, ao órgano competente no territorio en que se sitúe o centro, sucursal ou aula móbil, cada curso que vaian realizar con, ao menos, a seguinte anticipación:

a) Dez días á súa data de inicio, os datos previstos no citado anexo, sección 1.^a, número 1, alíneas a), b), c) e d).

b) Vinte e catro horas ao seu inicio, os datos previstos na alínea e) do citado anexo, sección 1.^a, número 1.

2. Calquera variación dos datos relativos a un curso inicialmente comunicado deberá ser tamén notificada por vía electrónica ao órgano competente nos termos sinalados no anexo IV.

3. Finalizado o curso, o director docente ou representante designado para tales efectos pola empresa CAP expedirá a cada alumno que o seguise con aproveitamento un certificado acreditativo de ter realizado a formación teórica e práctica exixidas sobre as materias obxecto do curso e, simultaneamente, comunicará exclusivamente por vía electrónica ao órgano competente a finalización do curso e a lista de todos os alumnos que o superasen, identificados polo seu nome e apelidos e número de documento nacional de identidade ou, se for o caso, do número de identificación de estranxeiro, así como canta información e documentación sexa necesaria para completar o expediente e validar o curso.

Recibida esa comunicación, o órgano competente anotará no Rexistro de Empresas e Actividades de Transporte a realización do curso de que se trate por parte dos correspondentes condutores.

Artigo 13. *Lugar en que se impartirá a formación.*

Os aspirantes á obtención do certificado de aptitude profesional nacionais dun Estado membro da Unión Europea deberán obter a cualificación inicial en España se teñen aquí a súa residencia habitual. Os aspirantes nacionais dun terceiro país que realicen a súa actividade nunha empresa establecida en España ou aos cales se expedise unha autorización de residencia permanente ou de residencia temporal e traballo en España deberán obter tamén a cualificación inicial en España.

Os aspirantes que teñan a súa residencia habitual ou traballen en España deberán seguir aquí a formación continua.

Artigo 14. *Cómputo doutras formacións do alumno nos cursos de formación destinados a obter a cualificación inicial.*

1. Os alumnos que realicen un curso para a obtención da cualificación inicial de condutores, na súa modalidade ordinaria ou acelerada, poderán contabilizar como parte desa formación obrigatoria a formación realizada en relación co transporte de mercadorías perigosas, transporte de animais ou sensibilización sobre os dereitos dos viaxeiros con discapacidade exixida en virtude de normas comunitarias, cando esa formación se recibise nos doce meses anteriores ao inicio do curso de formación de cualificación inicial.

2. Para tales efectos, nos cursos de formación de cualificación inicial para efectuar transporte de mercadorías, poderase contabilizar outra formación, até un máximo de 36 horas de duración, en relación coa formación complementaria sobre o transporte de mercadorías perigosas, e até un máximo de 20 horas de duración, a formación complementaria en materia de protección dos animais durante o transporte, reguladas no anexo I, letra A), sección 4.^a Nos cursos de formación de cualificación inicial para efectuar transporte de viaxeiros, poderase contabilizar outra formación, até un máximo de dez horas de duración, en relación coa formación complementaria sobre os dereitos dos viaxeiros con discapacidade, regulada no anexo I, letra A), sección 5.^a

3. O alumno que desexe computar algunha das formacións previstas no número 1, para efectos da realización dun curso de formación destinado a obter a cualificación inicial, deberá acreditar previamente á súa inscrición no curso, ante o órgano competente por razón do territorio onde se vaia impartir cada curso, que levou a cabo esas formacións, e achegar a seguinte documentación:

a) No suposto de formación sobre transporte de mercadorías perigosas, deberá achegar copia do ADR-Certificado de formación do condutor expedido pola Dirección Xeral de Tráfico que inclúa a formación básica e, ao menos, unha especialidade, sexa transporte en cisterna, materiais explosivos sexa materiais radioactivos.

b) No suposto de formación sobre transporte de animais, deberá achegar o certificado expedido pola correspondente entidade privada ou pública, autorizada pola autoridade competente na materia, en que conste que o interesado realizou un curso de formación destinado a obter o certificado de competencia para os condutores de transporte de animais exixido pola normativa comunitaria, nos termos previstos no anexo I do Real decreto 542/2016, do 25 de novembro, sobre normas de sanidade e protección animal durante o transporte.

c) No suposto de formación recibida en materia de sensibilización sobre os dereitos dos viaxeiros con discapacidade, será necesario achegar un certificado en que conste que o interesado realizou un curso de conformidade co Regulamento (UE) n.º 181/2011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de febreiro de 2011, sobre os dereitos dos viaxeiros de autobús e autocar, impartido por un centro público ou privado que acredite unha experiencia non inferior a cinco anos na impartición de cursos de formación en materia de transportes ou conducción e que teña unha implantación territorial e un ámbito de operación e influencia superior á meramente local.

Artigo 15. *Cómputo doutras formacións do alumno nos cursos de formación continua.*

1. Os alumnos que realicen un curso de formación continua poderán contabilizar como parte da formación obrigatoria a formación realizada en relación co transporte de mercadorías perigosas, transporte de animais ou sensibilización sobre os dereitos dos viaxeiros con discapacidade, exixida en virtude de normas comunitarias, cando esa formación se recibise nos doce meses anteriores ao inicio do curso de formación continua.

2. Para tales efectos, nos cursos de formación continua para efectuar transporte de mercadorías, poderase contabilizar esa formación en relación co módulo complementario número 6 de transporte de mercadorías perigosas básico común, co módulo complementario número 7 de transporte en cisternas e contedores, co módulo complementario número 8 de transporte de materias e obxectos explosivos, co módulo complementario número 9 de transporte de materias radioactivas, e co módulo complementario número 11 de protección dos animais durante o transporte, regulados no anexo I, letra B), sección 2.^a. Así mesmo, nos cursos de formación continua para efectuar transporte de viaxeiros, poderase contabilizar esa formación en relación co módulo número 5 de sensibilización sobre os dereitos dos viaxeiros con discapacidade, regulado no anexo I, letra B), sección 3.^a

En calquera caso, unicamente se poderá contabilizar a formación a que fai referencia este precepto en relación con un dos módulos de sete horas previstos no parágrafo anterior, a excepción da formación realizada en materia de transporte de mercadorías perigosas que poderá contabilizarse, até un máximo de catorce horas, en relación cos módulos complementarios número 6, 7, 8 e 9 regulados no anexo I, letra B), sección 2.^a

3. Para efectos de acreditar o cómputo das formacións que xa realizase o alumno no marco do previsto no número anterior, deberá seguirse o procedemento sinalado no artigo 14.3.

CAPÍTULO VI

Exames para a obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial

Artigo 16. *Exames de cualificación inicial.*

1. Finalizado o curso de formación, os aspirantes á obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial deberán superar, nun prazo non superior a un ano contado desde a finalización, un exame que versará sobre o contido das materias incluídas no anexo I, letra A).

2. O contido dos exames, a súa convocatoria, a designación e composición dos tribunais e o dereito a concorrer ás probas axustaranse ao disposto no anexo V.

3. Os condutores que efectúen transportes de mercadorías e amplíen ou modifiquen as súas actividades para efectuaren transporte de viaxeiros, sendo xa titulares do correspondente certificado de aptitude profesional, unicamente estarán obrigados a realizar a formación obrigatoria específica para os permisos D, D+E, D1 e D1+E do programa do curso de cualificación inicial, regulada no anexo I, letra A), sección 3.^a, e a realizar aquela parte do exame que se refira a esta formación.

Os condutores que efectúen transportes de viaxeiros e amplíen ou modifiquen as súas actividades para efectuaren transporte de mercadorías, sendo xa titulares do correspondente certificado de aptitude profesional, unicamente estarán obrigados a realizar a formación obrigatoria específica para os permisos C, C+E, C1 e C1+E do programa do curso de cualificación inicial, regulada no anexo I, letra A), sección 2.^a, e a realizar aquela parte do exame que se refira a esta formación.

Artigo 17. *Convocatoria de exames.*

Os exames serán organizados polos órganos competentes para o outorgamento das autorizacións de transporte público discrecional de viaxeiros e mercadorías por estrada no territorio de que se trate.

A convocatoria de exames deberá efectuarse, ao menos, cun mes de anticipación á realización do primeiro exercicio, abrindo un prazo de inscrición non inferior a quince días.

Deberán convocarse exames ao menos seis veces ao ano e o órgano competente poderá publicar unha vez ao ano todas as convocatorias referidas a este, indicando os prazos de inscrición correspondentes a cada convocatoria.

Sen prexuízo das convocatorias periódicas anteriormente sinaladas, o órgano competente poderá constituír un tribunal e realizar un exame específico, axustado ao disposto no anexo V, cando así o solicite unha empresa CAP. Neste suposto, non poderá formar parte do tribunal ningunha persoa ligada a esa empresa nin a ningunha outra empresa ou actividade con que esta se encuentre relacionada.

Artigo 18. *Dereito a concorrer aos exames.*

Os aspirantes á obtención da cualificación inicial poderán concorrer ás probas que convoquen e realicen os órganos competentes, con independencia do seu lugar de residencia habitual ou do lugar en que realizen o curso preceptivo.

Artigo 19. *Anotación do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial.*

Concluída a corrección do exame, o órgano competente para a súa realización inscribirá no Rexistro de Empresas e Actividades de Transporte o certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial de todos aqueles aspirantes que o aprobasen.

CAPÍTULO VII

Tarxeta acreditativa da vixencia do certificado de aptitude profesional

Artigo 20. *Tarxeta de cualificación do condutor.*

1. Ademais da anotación do certificado de aptitude profesional no Rexistro de Empresas e Actividades de Transporte, o órgano competente expedirá a cada un dos aspirantes que aprobasen o exame de cualificación inicial a correspondente tarxeta de cualificación do condutor, axustada ás características sinaladas no anexo VI.

A tarxeta expedirase cun período de vixencia de cinco anos, transcorrido o cal se entenderá caducada, salvo que o condutor realice un curso de formación continua antes dos doce meses anteriores á data de caducidade da súa tarxeta, caso este en que se

contará a vixencia de cinco anos desde a data en que se superou o correspondente curso. Neste último suposto, o órgano competente procederá a retirar tarxeta anterior.

Cando se expida unha nova tarxeta, comprobarase que o seu titular ten o correspondente permiso de condución vixente.

2. A expedición da tarxeta de cualificación profesional do condutor dará lugar á súa inscrición no Rexistro de Empresas e Actividades de Transporte.

3. Os condutores doutros Estados membros da Unión Europea acreditarán a súa cualificación a través de calquera dos seguintes documentos:

a) Mediante o permiso de condución de modelo comunitario, co código harmonizado da Unión Europea «95» inscrito nel.

b) Mediante a tarxeta de cualificación do condutor prevista no anexo VI, na cal constará o código harmonizado da Unión Europea «95».

4. Os condutores de terceiros países que conduzan vehículos que efectúen transportes de viaxeiros ou mercadorías por estrada poderán demostrar que teñen a cualificación e a formación estipuladas neste real decreto mediante algún dos seguintes documentos:

a) Se é titular do permiso de condución de modelo comunitario, mediante este documento co código comunitario inscrito nel.

b) A tarxeta de cualificación do condutor prevista no anexo VI, na cal constará o código comunitario correspondente.

Así mesmo, os condutores de terceiros países poderán demostrar que teñen a referida cualificación e formación mediante o certificado de condutor previsto no Regulamento (CE) 1072/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen normas comúns de acceso ao mercado do transporte internacional de mercadorías por estrada, sempre que inclúa o código comunitario harmonizado no número de observacións do certificado.

Para tal efecto, a empresa solicitante do certificado de condutor deberá acreditar que os condutores que deban estar en posesión dun certificado de aptitude profesional contén con ese requisito.

5. Os condutores obrigados a estar en posesión do certificado de aptitude profesional deberán levar a bordo do vehículo, en todo momento en que se encontren conducindo, a súa tarxeta de cualificación profesional ou, se for o caso, o documento que, conforme este artigo, acredite a súa vixencia.

CAPÍTULO VIII

Responsabilidades das empresas CAP

Artigo 21. *Responsabilidade das empresas CAP.*

1. A actividade realizada polas empresas CAP mencionadas neste real decreto e os cursos impartidos por esas empresas terán a consideración de actividade de transporte para os efectos previstos no artigo 34 da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

O órgano a que corresponde inspeccionar un centro, sucursal ou aula móbil dunha empresa CAP será o competente por razón do territorio en que se encontren situados.

En todo caso, realizarase ao menos unha visita de inspección presencial de cada curso cuxa realización se tiver comunicado.

As inspeccións non estarán previamente concertadas. De cada visita de inspección levantarase acta da cal se entregará copia á empresa inspeccionada.

2. O titular da empresa CAP responderá:

a) De que a empresa CAP reúna os elementos persoais e materiais acreditados no momento de outorgarse a autorización ou comunicación, dando conta ao órgano que a outorgou ou ao cal se comunicou o inicio da actividade, se for o caso, das incidencias que se produzan en relación cos ditos elementos, así como de calquera alteración ou modificación que afecte estes ou a autorización.

b) De que os profesores coñezan ben a regulamentación máis recente e os requisitos en materia de formación e, se for o caso, contén coa titulación ou formación específica que para o efecto se determine na lexislación vixente.

Para tal efecto, no marco dun procedemento de selección específica, os profesores deberán ter demostrado que posúen coñecementos didácticos e pedagóxicos.

Por canto se refire á parte práctica da formación, os profesores deberán ter xustificado a súa experiencia como condutores profesionais ou outra forma de conducción análoga, como a de instrutor de conducción de vehículos pesados.

c) De que os cursos impartidos en calquera dos centros físicos ou aulas móbiles da empresa se axustan a un modelo previamente homologado e á comunicación realizada ao órgano administrativo competente.

3. A autorización outorgada a unha empresa CAP poderá ser suspendida polo órgano competente cando resulte acreditado que deixou de cumprir algún dos requisitos exixidos para a súa obtención e mantemento.

Así mesmo, calquera das sucursais ou aulas móbiles dunha empresa autorizada CAP deixarán de estar habilitadas para exercer a actividade cando resulte acreditado que non cumpren algunha das condicións requiridas para isto.

4. Cando non se comunicase ao órgano competente a correspondente incidencia no prazo previsto para isto e nunha visita de inspección se comprobe que o profesor ou a materia impartida non coinciden con ningún dos contidos de formación CAP dos que se comunicasen ao órgano competente, este suspenderá a autorización da empresa durante seis meses.

Cando non se comunicase ao órgano competente a correspondente incidencia no prazo previsto para isto e nunha visita de inspección se detecte a falta de asistencia inxustificada dun cincuenta por cento ou máis dos alumnos, o órgano competente acordará a suspensión da autorización da empresa durante doce meses.

Cando, no suposto anterior, o número de alumnos inasistentes fose igual ou superior ao vinte e cinco por cento do total, o órgano competente acordará, en idénticos termos aos indicados no parágrafo anterior, a suspensión da autorización da empresa durante seis meses.

5. A inasistencia dun alumno sen causa xustificada, detectada durante a realización dunha visita de inspección, dará lugar a que o órgano competente acorde a falta de validez do curso para ese alumno, mediante resolución expresa e precedendo audiencia do interesado.

6. Non poderán solicitar unha nova autorización de empresa CAP aquelas persoas físicas ou xurídicas que tiveren suspendida a súa autorización por algunha das causas previstas nos números anteriores.

Disposición adicional primeira. *Polivalencia dos cursos.*

Cando os cursos regulados neste real decreto e as empresas CAP en que se impartan cumpran todos os requisitos exixidos na lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria para a obtención da cualificación exixida para a conducción de vehículos que transporten mercadorías perigosas, poderán ser, simultaneamente, autorizados para tal efecto polo órgano competente para isto.

Para efectos do disposto no texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguranza viaria, aprobado polo Real decreto legislativo 6/2015, do 30 de outubro, a superación da formación sobre sensibilización e educación viaria do programa de materias dos cursos destinados á obtención da cualificación inicial ou continua regulada neste real decreto implicará a recuperación de todos os puntos que se

perdesen, até un máximo de seis, en relación co permiso ou licenza de condución, sempre que se encuentre aínda vixente, cando o centro e o curso impartidos cumpran todos os requisitos exixidos para isto na mencionada lexislación.

Non obstante, cando o centro en que se imparta a formación continua regulada neste real decreto non cumpra por si mesmo os requisitos exixidos en cada momento para os efectos previstos no parágrafo anterior, poderá concertar a impartición da formación sobre sensibilización e educación viaria do programa de materias de formación continua prevista neste real decreto con outro centro que si os reúna, sen que o curso de formación continua perda a súa validez.

Disposición adicional segunda. *Título de formación profesional de técnico en Condución de Vehículos de Transporte por Estrada.*

Non se exixirá a realización dos cursos e exames previstos para a obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial regulado neste real decreto aos que obtivesen o título de técnico en Condución de Vehículos de Transporte por Estrada, establecido polo Real decreto 555/2012, do 23 de marzo, aos cales a Dirección Xeral de Transporte Terrestre do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana ou, se for o caso, o órgano competente das comunidades autónomas en que a dita competencia fose delegada polo Estado expedirá directamente ese certificado, referido tanto ao transporte de mercadorías como ao de viaxeiros, na súa modalidade ordinaria.

Disposición adicional terceira. *Cursos de formación de condutores impartidos polas Forzas Armadas e as forzas e corpos de seguridade do Estado.*

1. Aqueles cursos de formación de condutores que sexan impartidos para o seu persoal polas Forzas Armadas, a Policía e a Garda Civil serán válidos para a obtención da cualificación inicial e a formación continua, sempre que o seu contido inclúa as materias que integran o programa sinalado no anexo I.

2. O órgano en cada caso competente deberá comunicar, por vía electrónica, á Dirección Xeral de Transporte Terrestre do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a finalización de cada un dos cursos que imparta e a lista de todos os alumnos que o superaron, identificados polo seu nome e apelidos e número do documento nacional de identidade ou, se for o caso, do número de identificación de estranxeiro.

Recibida a dita comunicación, a referida dirección xeral anotará a realización do curso por parte dos correspondentes condutores no Rexistro de Empresas e Actividades de Transporte, para os efectos previstos no artigo 12.3.

Finalizado o dito curso, os aspirantes á obtención da tarxeta de cualificación do condutor acreditativa da súa cualificación inicial deberán superar, nun prazo non superior a un ano contado desde a finalización, un exame, nos mesmos termos previstos no capítulo VI.

Disposición adicional cuarta. *Certificados de profesionalidade de «Condución de autobuses» e de «Condución de vehículos pesados de transporte de mercadorías por estrada».*

Os que acrediten ser titulares do certificado de profesionalidade de «Condución de autobuses» ou do certificado de profesionalidade de «Condución de vehículos pesados de transporte de mercadorías por estrada» regulados nos anexos III e IV, respectivamente, do Real decreto 1539/2011, do 31 de outubro, polo que se establecen sete certificados de profesionalidade da familia profesional Transporte e Mantemento de Vehículos que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, poderán presentarse ao exame para a obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial, na modalidade ordinaria, que deberán superar nun prazo non superior a un ano contado desde a finalización, nos mesmos termos previstos no artigo 16.

Disposición adicional quinta. *Sistema de formación profesional para o emprego.*

En execución do establecido na letra D.6 do Acordo do Consello de Ministros do 21 de outubro de 2005, polo que se desenvolven e aplican distintas medidas relativas ao sector do transporte por estrada, que se adoptaron no Acordo do Consello de Ministros do 24 de xuño de 2005, para a mellora das condicións de transparencia e de competencia no sector, a formación obrigatoria establecida neste real decreto poderá financiarse a través dos fondos a que se refire o artigo 6 da Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

Disposición adicional sexta. *Formación de formadores.*

1. O ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana poderá exixir que o profesorado que imparta os cursos de formación inicial ou continua conte cunha determinada titulación ou formación específica cando así pareza aconsellable para alcanzar un nivel de calidade suficiente.

2. En canto non se dite outra disposición reguladora dos requisitos de formación exixidos aos profesores que impartan os cursos previstos neste real decreto, seguirá resultando de aplicación o contido da Orde FOM/2607/2010, do 1 de outubro, pola que se establecen os requisitos que deben cumprir os formadores que impartan os cursos de cualificación inicial e formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada.

Sen prexuízo do anterior, os contidos formativos previstos nos obxectivos 1.2, 1.3, 1.3 bis, 1.4 e 1.6 do anexo I, non previstos na orde indicada no parágrafo anterior, serán impartidos por un profesor especializado en conducción racional nos mesmos termos e condicións establecidos nesta.

Así mesmo, o contido formativo previsto nos obxectivos 2.2, 3.7 e 3.8 do anexo I, non previsto na orde indicada no parágrafo anterior, será impartido por un profesor especializado en loxística e transportes por estrada nos mesmos termos e condicións establecidos nesta.

3. En todo caso, o título de técnico superior en Formación para a Mobilidade Segura e Sustentable, regulado no Real decreto 174/2021, do 23 de marzo, capacita como profesor, en calquera das súas especialidades, para impartir os cursos de cualificación inicial e formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada regulados no presente real decreto.

Disposición adicional sétima. *Simuladores de alto nivel.*

O ministro de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana poderá establecer os requisitos técnicos ou especificacións mínimas que deban cumprir os simuladores para seren considerados, para os efectos previstos no presente real decreto, como simuladores de alto nivel.

Disposición adicional oitava. *Utilización do sistema de aula virtual para a impartición de cursos de cualificación inicial e formación continua.*

1. Até a finalización da situación excepcional derivada da pandemia motivada pola COVID-19, as empresas CAP poderán utilizar o sistema de aula virtual para impartiren as clases dos cursos de cualificación inicial e de formación continua sempre que cumpran os seguintes requisitos:

a) Deberán utilizar unha plataforma que garanta en todo momento que existe conectividade sincronizada entre os profesores e os alumnos, así como bidireccionalidade nas comunicacións.

b) Deberán contar cun rexistro de conexións ou de actividade, xerado pola propia aplicación de aula virtual, no cal se identifiquen os alumnos que participan na aula, a data de participación e os tempos de conexión.

c) A plataforma deberá contar cun mecanismo que posibilite aos servizos de inspección do transporte terrestre competentes accederen en tempo real ás clases que se están a impartir, así como aos correspondentes rexistros de actividade, a fin de comprobar a execución da actividade formativa.

2. A formación impartida utilizando o dito sistema considerárase, en todo caso, como formación presencial e non poderá supor unha alteración do contido e duración dos cursos homologados nin empregarse para a impartición das clases prácticas ou a realización dos exames de cualificación inicial.

3. Sen prexuízo do disposto no número 1, o titular da Dirección Xeral de Transporte Terrestre poderá autorizar a utilización por un prazo determinado do sistema de aula virtual cando concorran circunstancias excepcionais que dificulten a impartición presencial das clases.

Disposición adicional novena. *Teleformación para a impartición de cursos de cualificación inicial.*

1. Os obxectivos 2.2, 2.3, 3.2, 3.4 e 3.6 do programa do curso de cualificación inicial previstos no anexo I, letra A), poderán ser impartidos mediante teleformación sempre que se garanta unha identificación fiable do usuario e uns medios de control adecuados, de conformidade coas especificacións que estableza regulamentariamente o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

2. Ademais dos obxectivos concretos detallados no parágrafo anterior, o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana poderá, mediante orde ministerial, engadir outros obxectivos do programa do curso de cualificación inicial e de formación continua que poidan ser impartidos mediante teleformación sempre que se garantan as condicións previstas no parágrafo anterior. Os obxectivos impartidos mediante teleformación nos cursos de formación continua non poderán superar as doce horas.

Disposición transitoria primeira. *Validación das autorizacións outorgadas aos centros de formación.*

As autorizacións de que sexan titulares os centros de formación á entrada en vigor deste real decreto quedarán automaticamente validadas nunha única autorización de empresa CAP, tanto no suposto de que a empresa sexa titular dun único centro de formación autorizado como no suposto de que o sexa de varios centros de formación autorizados.

Para estes efectos, a autorización entenderase domiciliada no lugar que corresponda de conformidade coa regra establecida no artigo 9.

Disposición transitoria segunda. *Validez dos cursos de formación homologados.*

As homologacións dos cursos de formación destinados á obtención da cualificación inicial, nas súas modalidades ordinaria e acelerada, así como os de formación continua, que consten no Rexistro de Empresas e Actividades de Transporte na data de entrada en vigor do presente real decreto seguirán sendo válidas durante o prazo dun ano contado desde esa data, e a súa caducidade producirase transcorrido o dito período. Por todo o anterior, os cursos de cualificación inicial e formación continua iniciados dentro do dito prazo e impartidos conforme os programas formativos establecidos no Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada, serán válidos.

Disposición transitoria terceira. *Validez das tarxetas de cualificación de condutor.*

As tarxetas de cualificación do condutor emitidas antes da entrada en vigor deste real decreto serán válidas até a súa data de expiración.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1032/2007, do 20 de xullo, polo que se regula a cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte por estrada e cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro.*

O Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Suprímese o artigo 90 bis, que queda sen contido.

Dous. Nos artigos 96.2, 97.4 e 107.3 substitúese a referencia feita ao «artigo 125 e 182.5» pola referencia «artigo 125 deste real decreto e 91.2 da LOTT».

Tres. O primeiro parágrafo do artigo 197.16.7 queda redactado nos seguintes termos:

«En aplicación do disposto no artigo 140.15.7 da LOTT e no número 2 do grupo 9 do anexo I do Regulamento (UE) 2016/403, utilizar vehículos ou depósitos distintos aos prescritos nas normas que regulen o transporte das mercadorías de que se trate ou que carezan de aprobación.»

Catro. O artigo 197.19 queda redactado nos seguintes termos:

«19. En aplicación do disposto no artigo 140.18 da LOTT e no número 1 do grupo 7 do anexo I do Regulamento (UE) 2016/403, a realización de transportes públicos ou privados utilizando condutores que carezan do certificado de aptitude profesional ou da tarxeta de cualificación (CAP) en vigor.»

Cinco. O artigo 197.26 queda redactado nos seguintes termos:

«26. En aplicación do disposto no artigo 140.23 da LOTT, o exceso igual ou superior ao 20 por cento nos vehículos N3 e igual ou superior ao 25 por cento nos vehículos N2 e N1 sobre a masa máxima total que teña autorizada o vehículo de que se trate.

Cando o vehículo se encontra amparado por unha autorización especial que lle permita circular cunha masa superior á que doutro modo lle correspondería, a sinalada porcentaxe deberá referirse á masa máxima sinalada na autorización especial.

A responsabilidade por esta infracción corresponderá tanto ao transportista como ao cargador, ao expedidor e ao intermediario que interviñesen no transporte ou na súa contratación, salvo que algún deles probe que non lle resulta imputable.

Nos transportes de paquetería e mudanzas non se exixirá responsabilidade por esta infracción ao cargador nin ao expedidor, salvo que se probe que a súa actuación resultou determinante daquel.»

Seis. O artigo 198.2 queda redactado nos seguintes termos:

«2. En aplicación do disposto nos números 1 e 4 do grupo 4 do anexo I do Regulamento (UE) 2016/403, o exceso igual ou superior ao 5 e inferior ao 10 por cento nos vehículos N3 e igual ou superior ao 5 e inferior ao 15 por cento nos vehículos N2 sobre a masa máxima total que teña autorizada o vehículo de que se trate.

Para efectos de responsabilidade, serán de aplicación idénticas regras ás establecidas no artigo 197.26.»

Sete. O artigo 199.2 queda redactado nos seguintes termos:

«2. En aplicación do disposto no artigo 142.2 da LOTT, o exceso superior ao 2,5 e inferior ao 5 por cento sobre a masa máxima total nos vehículos N3 e superior ao 5 por cento e inferior ao 15 por cento para os vehículos N1.

Para efectos de responsabilidade, serán de aplicación idénticas regras ás establecidas no artigo 197.26.»

Oito. O anexo I, letra A, punto 14, queda redactado nos seguintes termos:

«14. Utilizar para o transporte de mercadorías perigosas vehículos ou depósitos distintos aos prescritos nas normas que regulen o transporte das mercadorías de que se trate ou que carezan de aprobación, tipificada nos artigos 140.15.7 da LOTT e 197.16.7 deste regulamento e no número 2 do grupo 9 do anexo I do Regulamento (UE) 2016/403.»

Nove. Suprímese o anexo I, letra A, punto 19, que queda sen contido.

O anexo I, letra A, punto 22, queda redactado nos seguintes termos:

«22. O exceso igual ou superior ao 20 por cento nos vehículos N3 e igual ou superior ao 25 por cento nos vehículos N2 sobre a masa máxima total que teña autorizada o vehículo de que se trate, tipificada nos artigos 140.23 da LOTT e 197.26 deste regulamento.»

Dez. Engádese un novo punto 12 bis ao anexo I, letra B, coa seguinte redacción:

«12 bis A realización de transportes públicos ou privados utilizando condutores que carezan do certificado de aptitude profesional ou da tarxeta de cualificación (CAP) en vigor, tipificada no artigo 140.18 da LOTT e no número 1 do grupo 7 do anexo I do Regulamento (UE) 2016/403.»

Once. O anexo I, letra C, punto 2, queda redactado nos seguintes termos:

«2. O exceso igual ou superior ao 5 e inferior ao 10 por cento nos vehículos N3 e igual ou superior ao 5 e inferior ao 15 por cento nos vehículos N2 sobre a masa máxima total que teña autorizada o vehículo de que se trate, tipificada no artigo 198.2 deste regulamento e nos números 1 e 4 do grupo 4 do anexo I do Regulamento (UE) 2016/403.»

Doce. O anexo II, número 8, queda redactado nos seguintes termos:

«8. Criterios de corrección. A proba de preguntas concretas terá unha puntuación máxima de 200 puntos. Cada pregunta correctamente respondida puntuará 1 punto.

A proba de supostos prácticos terá igualmente unha puntuación máxima de 200 puntos. Cada suposto correctamente resolto puntuará 50 puntos.

Para aprobar o exame deberá obterse unha puntuación non inferior ao 50 % dos puntos posibles en cada unha das dúas partes e débese obter un mínimo do 60 % do total de puntos atribuíbles para o conxunto das dúas probas.»

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2003/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2003, adaptada polas directivas 2004/66/CE e 2006/103/CE do Consello e a Directiva (UE) 2018/645 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de abril, pola que se modifica a Directiva 2003/59/CE, relativa á cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada, e a Directiva 2006/126/CE sobre o permiso de condución, no que á Directiva 2003/59/CE se refire.

Disposición derradeira terceira. *Condutores titulares dun certificado de competencia profesional para o exercicio da actividade de transportista.*

Por orde do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana poderá establecerse que os condutores que obtivesen o certificado de competencia profesional para o transporte de mercadorías ou viaxeiros por estrada queden parcialmente dispensados da asistencia ao curso e dos exames necesarios para a obtención da cualificación inicial na parte que corresponda ás materias recollidas no anexo I do Regulamento (CE) 1071/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, polo que se establecen as normas comúns relativas ás condicións que deben cumprirse para o exercicio da profesión de transportista por estrada e polo que se derroga a Directiva 96/26/CE do Consello.

Disposición derradeira cuarta. *Medidas de mellora da calidade da formación.*

Por orde do ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana poderanse establecer indicadores de calidade na formación de condutores, que poderán incluír a obriga de que os alumnos realicen avaliacións da formación impartida e dos profesores, a posibilidade de realizar probas aleatorias nos cursos de formación continua para avaliar a formación impartida por parte do centro, así como a posibilidade de recadar información relativa ao funcionamento das empresas CAP a fin de avaliar adecuadamente o impacto da regulación relativa aos requisitos para obter a cualificación inicial e a formación continua do condutor e información sobre o nivel formativo dos condutores e outros aspectos relacionados coa súa profesión, entre outros indicadores.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación normativa.*

Facúltanse o ministro de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e o ministro do Interior para aprobaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións que resulten necesarias para a aplicación deste real decreto, así como para modificar o contido dos seus anexos, a fin de axustalo aos cambios operados na normativa da Unión Europea, así como aos avances técnicos e científicos.

Disposición derradeira sexta. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias que o artigo 149.1.21.^a da Constitución atribúe ao Estado.

Disposición derradeira sétima. *Modificación do Real decreto 1515/2018, do 28 de decembro, polo que se crea a Comisión interministerial para a incorporación da metodoloxía BIM na contratación pública.*

O artigo 3 do Real decreto 1515/2018, do 28 de decembro, polo que se crea a Comisión interministerial para a incorporación da metodoloxía BIM na contratación pública, modifícase e queda como segue:

«Artigo 3. *Composición.*

1. A Comisión interministerial para a incorporación da metodoloxía BIM na contratación pública terá a seguinte composición:

- a) Presidente: a persoa titular da Subsecretaría de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- b) Vicepresidente: a persoa titular da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado do Ministerio de Facenda.
- c) Vogais:

1.º Catro representantes do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, designados pola persoa titular da Subsecretaría, que deberán ter rango de subdirector xeral ou equivalente.

2.º Catro representantes do Ministerio de Facenda, designados pola persoa titular da Subsecretaría, que deberán ter rango de subdirector xeral ou equivalente.

3.º Dous representantes do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, designados pola correspondente persoa titular da Subsecretaría, que deberán ter rango de subdirector xeral ou equivalente.

4.º Un representante dos ministerios de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, de Xustiza, de Defensa, do Interior, de Educación e Formación Profesional, de Traballo e Economía Social, de Industria, Comercio e Turismo, de Agricultura, Pesca e Alimentación, da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, de Política Territorial e Función Pública, de Cultura e Deporte, de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, de Sanidade, de Dereitos Sociais e Axenda 2030, de Ciencia e Innovación, de Consumo, de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e de Universidades, designado pola correspondente persoa titular da Subsecretaría, que deberá ter rango de subdirector xeral ou equivalente.

d) Secretario: un funcionario de carreira do subgrupo A1 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, designado pola persoa titular da Subsecretaría, que participará nas reunións con voz e sen voto.

2. Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade e, en xeral, cando conorra algunha causa xustificada, os que integren a comisión poderán ser substituídos por un representante do mesmo ministerio, previamente designado pola persoa que designe o membro que se vaia substituír, con rango de subdirector xeral ou equivalente.

3. Na designación dos vogais representantes dos distintos ministerios, respectarase o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos colexiados, previsto no artigo 54 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.»

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 20 de abril de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,

CARMEN CALVO POYATO

ANEXO I

Programa de materias dos cursos de cualificación inicial e formación continua de condutores

Os coñecementos que se deberán ter en conta para a verificación da cualificación inicial do condutor deberán referirse ao menos ás materias enumeradas neste anexo. Os candidatos deberán alcanzar o nivel de coñecementos e de aptitudes prácticas necesario para conducir con seguranza a categoría de vehículos de que se trate.

O nivel mínimo de coñecementos non poderá ser inferior ao alcanzado durante a escolaridade obrigatoria completada cunha formación profesional.

Os obxectivos indicados nos programas dos cursos de cualificación inicial e formación continua aparecen numerados de idéntica maneira á prevista na Directiva 2003/59/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xullo de 2003, relativa á cualificación inicial e a formación continua dos condutores de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada, pola que se modifican o Regulamento (CEE) 3820/85 do Consello e a Directiva 91/439/CEE do Consello e se derroga a Directiva 76/914/CEE do Consello.

A) Programa dos cursos de cualificación inicial

A duración dos distintos obxectivos e módulos contidos neste programa está referida á modalidade ordinaria de cualificación inicial.

Cando se trate de cursos de formación acelerada, a duración total de cada obxectivo indicarase expresamente. Non obstante, nos cursos de formación acelerada, os módulos para a realización da formación complementaria terán a mesma duración que os previstos para a modalidade ordinaria de cualificación inicial.

A formación de contidos teóricos de determinados obxectivos a bordo dun vehículo mentres outro alumno o conduce só será admitida na modalidade de cualificación inicial ordinaria.

Sección 1.^a Formación obrigatoria para todos os permisos C, C+E, C1, C1+E; D, D+E, D1, D1+E

1. Formación avanzada sobre conducción racional baseada nas normas de seguranza.

a) Obxectivo 1.1: Coñecer as características da cadea cinemática para optimizar a súa utilización.

Duración: Vinte horas, das cales catro serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula, ben que até un máximo de cinco destas últimas poderán serlle impartidas a bordo dun camión ou autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de dez horas, das cales dúas serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula.

Contido: Curvas de par, potencia e consumo específico dun motor, zona de utilización óptima do contarrevolucións e diagramas de cobertura das relacións da caixa de cambio de velocidades.

b) Obxectivo 1.2: Coñecer as características técnicas e o funcionamento dos dispositivos de seguranza a fin de dominar o vehículo, minimizar o seu desgaste e previr as anomalías de funcionamento.

Duración: Trinta horas, das cales catro serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula, ben que até un máximo de cinco destas últimas poderán serlle impartidas a bordo dun camión ou autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de once horas, das cales dúas serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula.

Contido: Límites de utilización dos freos e ralentizadores, utilización combinada de freos e ralentizador, selección da mellor combinación entre velocidade e relación de transmisión, utilización da inercia do vehículo, utilización dos medios de ralentización e de freada nas baixadas, accións que deben adoptarse en caso de fallo, uso de dispositivos electrónicos e mecánicos tales como o programa electrónico de estabilidade (ESP), os sistemas avanzados de freada de urxencia (AEBS), o sistema antibloqueo de rodas (ABS), os sistemas de control de tracción (TCS) e os sistemas de vixilancia dos vehículos (IVMS), así como outros dispositivos de automatización ou axuda á conducción cuxa utilización fose aprobada.

c) Obxectivo 1.3: Poder optimizar o consumo de carburante.

Duración: Trinta horas, das cales catro serán de condución efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse aula, ben que até un máximo de cinco destas últimas poderán serlle impartidas a bordo dun camión ou autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de once horas, das cales dúas serán de condución efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula.

Contido: Optimización do consumo de carburante mediante a aplicación das técnicas indicadas nos puntos 1.1 e 1.2, importancia de anticipar o fluxo do tráfico, distancia apropiada con outros vehículos e uso do impulso dos vehículos, velocidade constante, condución fluída e presión adecuada dos pneumáticos, así como coñecemento dos sistemas de transporte intelixente que incrementan a eficiencia da condución e axudan a planificar a ruta.

d) Obxectivo 1.3 bis: Ser capaz de anticipar e avaliar os riscos do tráfico e de adaptarse a eles.

Duración: Nove horas, das cales tres horas serán de condución efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de 4 horas, das cales unha hora e trinta minutos serán de condución efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula.

Contido: Ser consciente dos diferentes tipos de estrada, tráfico e condicións climáticas, adecuándose a eles; anticipar acontecementos, entender como se prepara e planifica unha viaxe en condicións meteorolóxicas extraordinarias; estar familiarizado co uso dos equipamentos de seguranza conexas e saber cando é necesario adiar ou anular unha viaxe debido a condicións meteorolóxicas extremas; adaptarse aos riscos do tráfico, incluídos os comportamentos perigosos ou as distraccións ao volante (polo uso de dispositivos electrónicos, comer, beber, etcétera); recoñecer as situacións de perigo, actuando en consonancia, e ser capaz de xestionar o estrés que delas deriva, en particular polo que se refire ao tamaño e peso dos vehículos e aos usuarios vulnerables, tales como peóns, ciclistas e motoristas.

Identificar situacións potencialmente perigosas e interpretar correctamente se poderían desembocar en situacións en que xa non sería posible evitar os accidentes; escoller e pór en práctica accións que sirvan para aumentar a marxe de seguranza de forma que o accidente poida aínda evitarse en caso de materialización do perigo.

2. Aplicación da regulamentación.

a) Obxectivo 2.1: Coñecer o contorno social do transporte por estrada e a súa regulamentación.

Duración: Trinta horas que se impartirán na aula, ben que até un máximo de cinco delas poderán serlle impartidas ao alumno a bordo dun camión ou autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de doce horas que se impartirán na aula.

Contido: Duración máxima da xornada laboral específica do sector dos transportes; principios, aplicación e consecuencias do Regulamento (CE) n.º 561/2006 e do Regulamento (UE) n.º 165/2014 do Parlamento Europeo e do Consello; sancións en caso de non utilización, mala utilización ou manipulación fraudulenta do tacógrafo; coñecemento do contorno social do transporte por estrada: dereitos e obrigacións do condutor en materia de cualificación inicial e de formación continua.

3. Saúde, seguranza viaria e ambiental, servizo, loxística.

a) Obxectivo 3.1: Ter consciencia dos riscos da estrada e os accidentes de traballo.

Duración: Vinte horas que se impartirán na aula, ben que até un máximo de cinco delas poderán serlle impartidas ao alumno a bordo dun camión ou autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de oito horas que se impartirán na aula.

Contido: tipoloxía dos accidentes de traballo no sector do transporte; estatísticas dos accidentes de circulación; implicación dos vehículos pesados/autocares; e consecuencias humanas, materiais e económicas.

b) Obxectivo 3.2: Ser capaz de prever a delincuencia e o tráfico de inmigrantes clandestinos.

Duración: Dúas horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de 1 hora que se impartirá na aula.

Contido: Información xeral; implicacións para os condutores; medidas de prevención; lista de comprobacións; lexislación sobre a responsabilidade dos transportistas.

c) Obxectivo 3.3: Ser capaz de prever os riscos físicos.

Duración: Sete horas que se impartirán na aula, ben que até un máximo de cinco delas poderán serlle impartidas ao alumno a bordo dun camión ou autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de tres horas que se impartirán na aula.

Contido: principios ergonómicos: movementos e posturas de risco, condición física, exercicios de manipulación e proteccións individuais.

d) Obxectivo 3.4: Ter consciencia da importancia da aptitude física e mental.

Duración: 9 horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de tres horas que se impartirán na aula.

Contido: principios dunha alimentación sa e equilibrada, efectos do alcohol, os medicamentos ou calquera outra substancia que poida modificar o comportamento; síntomas, causas e efectos da fatiga e o estrés; papel fundamental do ciclo básico actividade/repouso.

e) Obxectivo 3.5: Ter capacidade para avaliar situacións de emerxencia.

Duración: Dez horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de tres horas que se impartirán na aula.

Contido: Comportamento en situacións de emerxencia: avaliación da situación, prevención do agravamento de accidentes, aviso aos servizos de socorro, auxilio aos feridos e aplicación dos primeiros socorros, reacción en caso de incendio, evacuación dos ocupantes do camión ou dos pasaxeiros do autocar, garantir a seguranza de todos os pasaxeiros, reaccións en caso de agresión; principios básicos da declaración amigable de accidente.

f) Obxectivo 3.6: Poder adoptar comportamentos que contribúan a valorar a imaxe de marca dunha empresa.

Duración: Sete horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de tres horas que se impartirán na aula.

Contido: Actitudes do condutor e imaxe de marca: importancia para a empresa da calidade da prestación do condutor, diferentes papeis do condutor, diferentes interlocutores do condutor, mantemento do vehículo, organización do traballo, consecuencias dun litixio nos planos comercial e financeiro.

Sección 2.^a Formación obrigatoria específica para os permisos C, C+E, C1, C1+E

1. Formación avanzada sobre conducción racional baseada nas normas de seguranza.

Obxectivo 1.4: Ser capaz de realizar unha operación de carga respectando as consignas de seguranza e a boa utilización do vehículo.

Duración: Trinta horas, das cales cinco serán de condución efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula, ben que até un máximo de cinco delas poderán serlle impartidas ao alumno a bordo dun camión mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de quince horas, das cales dúas horas e trinta minutos serán de condución efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula.

Contido: Forzas que se aplican aos vehículos en movemento, utilización das relacións da caixa de velocidades en función da carga do vehículo e do perfil da estrada, uso dos sistemas de transmisión automáticos, cálculo da carga útil dun vehículo ou dun conxunto de vehículos, cálculo do volume útil, distribución da carga, consecuencias da sobrecarga por eixo, estabilidade do vehículo e centro de gravidade, tipos de embalaxe e apoios da carga.

Principais tipos de mercadorías que requiren estiba, técnicas de calzo e estiba, utilización de correas de estiba, verificación dos dispositivos de estiba, utilización dos medios de manipulación, e colocación e retirada de toldos.

2. Aplicación da regulamentación.

Obxectivo 2.2: Coñecer a regulamentación en materia de transporte de mercadorías.

Duración: Dez horas, que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de 5 horas que se impartirán na aula.

Contido: Títulos que habilitan para o exercicio do transporte, documentos que deben levarse a bordo, restricións da circulación, taxas polo uso da infraestrutura viaria, obrigacións en virtude dos modelos de contrato de transporte de mercadorías, redacción dos documentos en que se concrete o contrato de transporte, autorizacións de transporte internacional, obrigacións do Convenio CMR, redacción da carta de porte internacional, paso de fronteiras, transitarios, e documentos especiais que acompañan as mercadorías.

3. Saúde, seguranza viaria e ambiental, servizo, loxística.

Obxectivo 3.7: Coñecer o contorno económico do transporte por estrada de mercadorías e a organización do mercado.

Duración: Trinta horas, que se impartirán na aula, ben que até un máximo de tres delas poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun camión mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de quince horas que se impartirán na aula.

Contido: O transporte por estrada fronte aos demais modos de transporte (competencia, transporte de carga), diferentes actividades do transporte por estrada (transporte por conta allea, por conta propia e actividades auxiliares do transporte), organización dos principais tipos de empresas de transporte ou de actividades auxiliares do transporte, diferentes especializacións do transporte (cisternas, temperaturas controladas, mercadorías perigosas, transporte de animais, etcétera), evolución do sector (diversificación das prestacións ofrecidas, ferrocarril-estrada, subcontratación, etcétera).

Sección 3.^a Formación obrigatoria específica para os permisos D, D+E, D1, D1+E

1. Formación avanzada sobre condución racional baseada nas normas de seguranza.

a) Obxectivo 1.5: Poder garantir a seguranza e a comodidade dos pasaxeiros.

Duración: Quince horas, das cales dúas serán de condución efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula, ben que até un máximo de cinco delas poderán serlle impartidas ao alumno a bordo dun autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de sete horas e trinta minutos, das cales unha hora será de condución efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula.

Contido: Calibración dos movementos lonxitudinais e laterais, uso compartido da estrada, colocación na calzada, suavidade de freada, traballo da consola, utilización de infraestruturas específicas (espazos públicos, vías reservadas), xestión de conflitos entre unha conducción segura e as demais funcións propias do condutor, interacción cos pasaxeiros, características especiais de determinados grupos de pasaxeiros (persoas con discapacidade, nenos).

b) Obxectivo 1.6: Ser capaz de realizar unha operación de carga respectando as consignas de seguranza e a boa utilización do vehículo.

Duración: Quince horas, das cales tres serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de sete horas e trinta minutos, das cales unha hora e trinta minutos serán de conducción efectiva por parte do alumno e o resto impartiranse na aula.

Contido: Forzas que se aplican aos vehículos en movemento, utilización das relacións da caixa de velocidades en función da carga do vehículo e do perfil da estrada, uso dos sistemas de transmisión automáticos, cálculo da carga útil dun vehículo ou dun conxunto de vehículos, distribución da carga, consecuencias da sobrecarga por eixo, estabilidade do vehículo e centro de gravidade.

2. Aplicación da regulamentación.

Obxectivo 2.3: Coñecer a regulamentación relativa ao transporte de viaxeiros

Duración: Dez horas que se impartirán na aula.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de cinco horas que se impartirán na aula.

Contido: Transporte de grupos específicos, equipos de seguranza a bordo do autocar, cintos de seguranza, carga do vehículo.

3. Saúde, seguranza viaria e ambiental, servizo, loxística.

Obxectivo 3.8: Coñecer o contorno económico do transporte por estrada de viaxeiros e a organización do mercado.

Duración: Trinta horas que se impartirán na aula, ben que até un máximo de tres delas poderán ser impartidas ao alumno a bordo dun autocar mentres outro alumno o conduce.

Cando se trate dun curso de formación acelerada, a duración será de quince horas que se impartirán na aula.

Contido: O transporte por estrada de viaxeiros fronte aos distintos modos de transporte de viaxeiros (ferrocarril, automóbil particular), distintas actividades do transporte por estrada de viaxeiros, sensibilización sobre os dereitos dos viaxeiros con discapacidade, paso de fronteiras (transporte internacional), organización dos principais tipos de empresas de transporte de viaxeiros por estrada.

Sección 4.^a Formación complementaria para os permisos C, C+E, C1, C1+E

Para completar as duascenas oitenta horas de duración do curso de cualificación inicial, o alumno deberá realizar as restantes trinta e seis horas que faltan para completalo, optando para isto por algunha das seguintes formacións complementarias:

1. Formación sobre o transporte de mercadorías perigosas de conformidade coa Directiva 2008/68/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de setembro de 2008, sobre o transporte terrestre de mercadorías perigosas.

1.1 Módulo 1. Mercadorías perigosas, formación básica común.

Duración: Vinte e catro horas, das cales vinte e dúas horas se impartirán na aula e dúas horas se impartirán nun lugar adecuado para a realización de prácticas de extinción de incendios.

Contido: Disposicións xerais aplicables ao transporte de mercadorías perigosas; conduta que o condutor do vehículo debe observar antes, durante e despois da carga ou descarga de vehículos que transporten mercadorías perigosas; finalidade e funcionamento do equipamento técnico dos vehículos; principais tipos de riscos; medidas de prevención e segurancia adecuadas aos diferentes tipos de riscos; etiquetaxe e sinalización dos perigos; prohibicións de carga en común nun mesmo vehículo ou contedor; precaucións que deberán adoptarse ao proceder á carga e descarga de mercadorías perigosas; manipulación e estiba dos vultos: suxeición e protección da carga; comportamento e primeiros auxilios en caso de accidente ou incidente de tráfico; comportamento en caso de accidente; auxilio sanitario: primeiros auxilios ás vítimas; responsabilidade civil: información xeral e seguros; ambiente e contaminación: traslado de residuos e control; transporte multimodal: operacións de modos múltiples de transporte; formación práctica de extinción de incendios, primeiros auxilios e outros contidos da formación básica común.

1.2 Mercadorías perigosas, formación especializada.

1.2.1 Módulo 2. Transporte en cisternas e contedores-cisterna.

Duración: Doce horas, que se impartirán na aula.

Contido: Descrición, características e tipos; comportamento en marcha dos vehículos cisterna e contedores-cisterna; disposicións específicas relativas á utilización de vehículos cisterna e contedores-cisterna no transporte de mercadorías perigosas; outras disposicións especiais relativas á utilización de vehículos cisterna e contedores cisterna. Formación práctica especializada de transporte en cisternas e contedores-cisterna.

1.2.2 Módulo 3. Transporte de materias e obxectos explosivos.

Duración: Doce horas, que se impartirán na aula.

Contido: Disposicións particulares aplicables ao transporte de materias e obxectos explosivos; riscos específicos que presentan as materias e obxectos explosivos e pirotécnicos; disposicións específicas sobre a carga en común de materias e obxectos explosivos; o Regulamento de explosivos e as súas disposicións complementarias. Formación práctica especializada de transporte de materias e obxectos explosivos.

1.2.3 Módulo 4. Transporte de materias radioactivas.

Duración: Doce horas, que se impartirán na aula.

Contido: Conceptos básicos e tipos de radioactividade; riscos específicos do material radioactivo; protección radiolóxica e protección do ambiente; riscos en función do material; disposicións particulares aplicables ao transporte de materias radioactivas; medidas especiais que deben adoptarse en caso de accidente ou incidente en que se vexan involucrados vehículos que transporten materias radioactivas. Formación práctica especializada de transporte de materias radioactivas.

2. Módulo 5. Formación en materia de protección dos animais durante o transporte de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección de animais durante o transporte e as operacións conexas.

Duración: Vinte horas que se impartirán na aula.

Contido: Normativa europea, nacional e autonómica en materia de protección dos animais durante o transporte. Documentación administrativa; fisioloxía dos animais, necesidades de comida e auga, comportamento animal e concepto de estrés; aspectos prácticos do coidado e manexo de animais; efectos e repercusións de modo e práctica de condución sobre o benestar dos animais; aptitude para o transporte dos animais; coidados de emerxencia aos animais; criterios de segurancia para o persoal que traballa con animais; aspectos de segurancia viaria relacionados co transporte de animais, e actuación en caso de accidente; limpeza e desinfección dos medios de transporte e contedores.

3. Módulo 6. Formación sobre suxeición de cargas.

Duración: Oito horas.

Contido: Coñecer as normas técnicas nacionais e internacionais relativas á suxeición de cargas, coñecementos físicos necesarios para unha correcta suxeición de cargas, métodos de suxeición, materiais de suxeición, tipos de amarre. Formación práctica sobre suxeición de cargas.

4. Módulo 7. Formación sobre sensibilización e educación viaria.

Duración: Doce horas que se impartirán na aula, ben que 4 delas serán desenvolvidas de forma individualizada para cada condutor en función das súas particularidades e 1 delas será desenvolvida en debate en grupo.

Contido: Os accidentes de tráfico: a magnitude do problema; dinámica dun impacto e consecuencias para as vítimas; a conducción: unha tarefa de toma de decisións; aptitudes e capacidades básicas para unha conducción segura; os grupos de risco; a velocidade como factor de risco; o alcohol como factor de risco; as drogas de abuso como factor de risco; as enfermidades e os fármacos como factores de risco; a somnolencia como factor de risco; a fatiga como factor de risco; o estrés como factor de risco; seguranza activa e pasiva; a conducción preventiva; actuación en caso de accidente de tráfico; a importancia do cumprimento das normas de tráfico; debate grupal; dinámica de grupos.

5. Módulo 8. Formación sobre o tacógrafo dixital.

Duración: Oito horas, que se impartirán na aula.

Contido: O aparello tacógrafo, tempos máximos de conducción: conducción ininterrompida, diaria e bisemanal; tempos de descanso obrigatorios: descanso diario e semanal; idade mínima dos condutores, excepcións á aplicación do tacógrafo na normativa comunitaria; o tacógrafo dixital: conceptos, expedición de tarxetas, validez e duración, tarxetas necesarias, emisión de duplicados, control da fraude; outras cuestións sobre o tacógrafo dixital: verificación dos tacógrafos, carga e introdución manual de datos, funcionamento e avaría do tacógrafo; o tacógrafo intelixente. Formación práctica con simulador de tacógrafo dixital.

6. Módulo 9. Formación sobre transporte de mercadorías baixo temperatura dirixida.

Duración: oito horas, que se impartirán na aula.

Contido: Normativa reguladora do Acordo sobre transportes internacionais de mercadorías perecedoiras e sobre vehículos especiais utilizados neses transportes (ATP), normativa de hixiene alimentaria (responsabilidades, boas prácticas de hixiene, cadea de frío, rastrexabilidade alimentaria, análise de perigos e puntos críticos de control –APPCC–), refrixeración básica, control de temperatura e boas prácticas no manexo do dispositivo do equipamento do frío incorporado aos distintos vehículos semirremolques necesario para o transporte efectivo de mercadorías. Formación práctica sobre transporte de mercadorías baixo temperatura dirixida.

Sección 5.^a Formación complementaria para os permisos D, D+E, D1, D1+E

Para completar as duascenas oitenta horas de duración do curso de cualificación inicial, o alumno deberá realizar as restantes trinta e seis horas que faltan para completalo, optando para isto por algunha das seguintes formacións complementarias:

1. Módulo 1. Formación en materia de sensibilización sobre os dereitos dos viaxeiros con discapacidade de conformidade co Regulamento (UE) n.º 181/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

Duración: Dez horas, que se impartirán na aula.

Contido: Normativa nacional e comunitaria do transporte accesible en autobús; o transporte de viaxeiros con discapacidade; atención ás persoas con discapacidade.

2. Módulo 2. Formación sobre o transporte escolar e de menores.

Duración: Dez horas, que se impartirán na aula.

Contido: Normativa do transporte escolar e de menores; o transporte escolar e de menores; atención aos viaxeiros durante un transporte escolar ou de menores.

3. Módulo 3. Formación en primeiros auxilios.

Duración: Oito horas, que se impartirán na aula.

Contido: Organización dos primeiros auxilios; técnicas de primeiros auxilios; procesos patolóxicos (como afogamentos, hemorragias e choque hipovolémico, queimaduras, fracturas, etcétera); reanimación cardiopulmonar (RCP).

4. Módulo 4. Formación sobre sensibilización e educación viaria.

Duración: Doce horas que se impartirán na aula, ben que catro delas serán desenvolvidas de forma individualizada para cada condutor en función das súas particularidades e unha delas será desenvolvida en debate en grupo.

Contido: Os accidentes de tráfico: A magnitude do problema; dinámica dun impacto e consecuencias para as vítimas; a conducción: unha tarefa de toma de decisións; aptitudes e capacidades básicas para unha conducción segura; os grupos de risco; a velocidade como factor de risco; o alcohol como factor de risco; as drogas de abuso como factor de risco; as enfermidades e os fármacos como factores de risco; a somnolencia como factor de risco; a fatiga como factor de risco; o estrés como factor de risco; seguranza activa e pasiva; a conducción preventiva; actuación en caso de accidente de tráfico; a importancia do cumprimento das normas de tráfico; debate grupal; dinámica de grupos.

5. Módulo 5. Formación sobre o tacógrafo dixital.

Duración: Oito horas, que se impartirán na aula.

Contido: O aparello tacógrafo, tempos máximos de conducción: Conducción ininterrompida, diaria e bisemanal; tempos de descanso obrigatorios: descanso diario e semanal; idade mínima dos condutores, excepcións á aplicación do tacógrafo na normativa comunitaria; o tacógrafo dixital: conceptos, expedición de tarxetas, validez e duración, tarxetas necesarias, emisión de duplicados, control da fraude; outras cuestións sobre o tacógrafo dixital: Verificación dos tacógrafos, carga e introdución manual de datos, funcionamento e avaría do tacógrafo; o tacógrafo intelixente. Formación práctica con simulador de tacógrafo dixital.

6. Módulo 6. Atención ao cliente de transporte de viaxeiros.

Duración: Oito horas, que se impartirán na aula.

Contido: A comunicación, as relacións cos demais, protocolo na atención ao cliente.

7. Módulo 7. Atención e información aos viaxeiros do autobús

Duración: Oito horas, que se impartirán na aula.

Contido: Procesos operativos da actividade do transporte de viaxeiros; xestión da carga e descarga do vehículo; mecanismos e fundamentos da comunicación no transporte de viaxeiros; atención ao cliente no transporte de viaxeiros.

8. Módulo 8. Protocolo de actuación para condutores ante un accidente.

Duración: Oito horas, que se impartirán na aula.

Contido: Normativa nacional que regula a actuación; pautas de actuación básica e elementais de actuación en caso de accidente; breves nocións de actuación sobre feridos.

B) Programa dos cursos de formación continua

A formación continua, obrigatoria para todos os condutores incluídos no ámbito de aplicación deste real decreto, deberá permitirlles actualizar os coñecementos esenciais para o exercicio da súa función, facendo especial fincapé na seguranza na estrada, a saúde e a seguranza no traballo e na redución do impacto ambiental na conducción.

A dita función ten por finalidade afondar e revisar algún dos coñecementos adquiridos coa obtención do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial. Deberá cubrir unha serie de temas diversos e incluír sempre ao menos unha materia relacionada coa seguranza viaria. As materias de formación terán en conta a evolución legislativa e tecnolóxica pertinente e, na medida do posible, as necesidades específicas de formación do condutor.

Sección 1.^a Formación obrigatoria para todos os permisos C, C+E, C1, C1+E; D, D+E, D1, D1+E

Módulo 1. Seguranza viaria.

Duración: Sete horas que se impartirán na aula.

a) Obxectivo 3.1: Ter consciencia dos riscos da estrada e dos accidentes de traballo.

Contido: Tipoloxía dos accidentes de traballo no sector do transporte; estatísticas dos accidentes de circulación; implicación dos vehículos pesados e autocares; e consecuencias humanas, materiais e económicas.

b) Obxectivo 3.4: Ter consciencia da importancia da aptitude física e mental.

Contido: Principios dunha alimentación sa e equilibrada, efectos do alcohol, os medicamentos ou calquera outra substancia que poida modificar o comportamento; síntomas, causas e efectos da fatiga e o estrés; papel fundamental do ciclo básico actividade/repouso.

Módulo 2. Condución racional e eficiente e evolución tecnolóxica.

Duración: Sete horas, que se impartirán na aula, ben que 1 hora poderá consistir, aínda que non necesariamente, en prácticas de condución individual en vehículo e/ou simulador, indistintamente.

a) Obxectivo 1.2: Coñecer as características técnicas e o funcionamento dos dispositivos de seguranza a fin de dominar o vehículo, minimizar o seu desgaste e previr as anomalías de funcionamento.

Contido: límites de utilización dos freos e ralentizadores, utilización combinada de freos e ralentizador, selección da mellor combinación entre velocidade e relación de transmisión, utilización da inercia do vehículo, utilización dos medios de ralentización e de freada nas baixadas, accións que deben adoptarse en caso de fallo, uso de dispositivos electrónicos e mecánicos tales como o programa electrónico de estabilidade (ESP), os sistemas avanzados de freada de urxencia (AEBS), o sistema antibloqueo de rodas (ABS), os sistemas de control de tracción (TCS) e os sistemas de vixilancia dos vehículos (IVMS), así como outros dispositivos de automatización ou axuda á condución cuxa utilización fose aprobada.

b) Obxectivo 1.3: Poder optimizar o consumo de carburante.

Contido: optimización do consumo de carburante mediante a aplicación das técnicas indicadas nos puntos 1.1 e 1.2, importancia de anticipar o fluxo do tráfico, distancia apropiada con outros vehículos e uso do impulso dos vehículos, velocidade constante, condución fluída e presión adecuada dos pneumáticos, así como coñecemento dos sistemas de transporte intelixente que incrementan a eficiencia da condución e axudan a planificar a ruta.

Módulo 3. Normativa sobre tacógrafo e tempos de conducción e descanso.

Duración: Sete horas, que se impartirán na aula, ben que 1 hora poderá consistir en prácticas con simulador de tacógrafo dixital.

Obxectivo 2.1: Coñecer o contorno social do transporte por estrada e a súa regulamentación.

Contido: Duración máxima da xornada laboral específica do sector dos transportes; principios, aplicación e consecuencias do Regulamento (CE) número 561/2006 e do Regulamento (UE) número 165/2014 do Parlamento Europeo e do Consello; sancións en caso de non utilización, mala utilización ou manipulación fraudulenta do tacógrafo; coñecemento do contorno social do transporte por estrada: dereitos e obrigacións do condutor en materia de cualificación inicial e de formación continua. Formación práctica con simulador de tacógrafo dixital.

Sección 2.^a Formación complementaria para os permisos C, C+E, C1, C1+E

Para completar as trinta e cinco horas de duración da formación periódica, o alumno deberá realizar as restantes catorce horas que faltan optando por un ou dous módulos dos seguintes que se relacionan a seguir:

Módulo 4. Conducción racional, anticipación e avaliación dos riscos.

Duración: Sete horas, que se impartirán na aula ben que 1 hora poderá consistir, aínda que non necesariamente, en prácticas de conducción individual en vehículo e/ou simulador, indistintamente.

a) Obxectivo 1.3 bis: Ser capaz de anticipar e avaliar os riscos do tráfico e de adaptarse a eles.

Contido: Ser consciente dos diferentes tipos de estrada, tráfico e condicións climáticas, adecuándose a eles; anticipar acontecementos, entender como se prepara e planifica unha viaxe en condicións meteorolóxicas extraordinarias; estar familiarizado co uso dos equipamentos de seguranza conexas e saber cando é necesario adiar ou anular unha viaxe debido a condicións meteorolóxicas extremas; adaptarse aos riscos do tráfico, incluídos os comportamentos perigosos ou as distraccións ao volante (polo uso de dispositivos electrónicos, comer, beber, etcétera); recoñecer as situacións de perigo, actuando en consonancia, e ser capaz de xestionar o estrés que delas deriva, en particular polo que se refire ao tamaño e peso dos vehículos e aos usuarios vulnerables, tales como peóns, ciclistas e motoristas.

Identificar situacións potencialmente perigosas e interpretar correctamente se poderían desembocar en situacións en que xa non sería posible evitar os accidentes; escoller e pór en práctica accións que sirvan para aumentar a marxe de seguranza de forma que o accidente poida aínda evitarse en caso de materialización do perigo.

b) Obxectivo 3.5: Ter capacidade para avaliar situacións de emerxencia.

Contido: Comportamento en situacións de emerxencia: avaliación da situación, prevención do agravamento de accidentes, aviso aos servizos de socorro, auxilio aos feridos e aplicación dos primeiros socorros, reacción en caso de incendio, evacuación dos ocupantes do camión ou dos pasaxeiros do autocar, garantir a seguranza de todos os pasaxeiros, reaccións en caso de agresión; principios básicos da declaración amigable de accidente.

Módulo 5. Estiba e suxeición de cargas.

Duración: Sete horas que se impartirán na aula, ben que 1 hora poderá consistir en prácticas que se impartirán na aula ou nun lugar adecuado.

Obxectivo 1.4: Ser capaz de realizar unha operación de carga respectando as consignas de seguranza e a boa utilización do vehículo.

Contido: Forzas que se aplican aos vehículos en movemento, utilización das relacións da caixa de velocidades en función da carga do vehículo e do perfil da estrada, uso dos sistemas de transmisión automáticos, cálculo da carga útil dun vehículo ou dun conxunto de vehículos, cálculo do volume útil, distribución da carga, consecuencias da sobrecarga por eixo, estabilidade do vehículo e centro de gravidade, tipos de embalaxe e apoios da carga.

Principais tipos de mercadorías que requiren estiba, técnicas de calzo e estiba, utilización de correas de estiba, verificación dos dispositivos de estiba, utilización dos medios de manipulación, e colocación e retirada de toldos. Prácticas de estiba e suxeición de cargas.

Módulo 6. Transporte de mercadorías perigosas básico común.

Duración: Catorce horas, que se impartirán na aula. Poderán incluír prácticas de primeiros auxilios e outros contidos da formación básica común que se impartirán na aula, e/ou prácticas de extinción de incendios que se impartirán nun lugar adecuado.

Contido: Disposicións xerais aplicables ao transporte de mercadorías perigosas; conduta que o condutor do vehículo debe observar antes, durante e despois da carga ou descarga de vehículos que transporten mercadorías perigosas; finalidade e funcionamento do equipamento técnico dos vehículos; principais tipos de riscos; medidas de prevención e seguranza adecuadas aos diferentes tipos de riscos; etiquetaxe e sinalización dos perigos; prohibicións de carga en común nun mesmo vehículo ou contedor; precaucións que deberán adoptarse ao proceder á carga e descarga de mercadorías perigosas; manipulación e estiba dos vultos: suxeición e protección da carga; comportamento e primeiros auxilios en caso de accidente ou incidente de tráfico; comportamento en caso de accidente; auxilio sanitario: primeiros auxilios ás vítimas; responsabilidade civil: información xeral e seguros; ambiente e contaminación: traslado de residuos e control; transporte multimodal: operacións de modos múltiples de transporte.

Módulo 7. Transporte en cisternas e contedores-cisterna.

Duración: Sete horas, que se impartirán na aula, que poderán incluír formación práctica.

Contido: Descrición, características e tipos; comportamento en marcha dos vehículos cisterna e contedores-cisterna; disposicións específicas relativas á utilización de vehículos cisterna e contedores-cisterna no transporte de mercadorías perigosas; outras disposicións especiais relativas á utilización de vehículos cisterna e contedores-cisterna.

Módulo 8. Transporte de materias e obxectos explosivos.

Duración: Sete horas, que se impartirán na aula, que poderán incluír formación práctica.

Contido: Disposicións particulares aplicables ao transporte de materias e obxectos explosivos; riscos específicos que presentan as materias e obxectos explosivos e pirotécnicos; disposicións específicas sobre a carga en común de materias e obxectos explosivos; O Regulamento de explosivos e as súas disposicións complementarias.

Módulo 9. Transporte de materias radioactivas.

Duración: Sete horas, que se impartirán na aula, que poderán incluír formación práctica.

Contido: Conceptos básicos e tipos de radioactividade; riscos específicos do material radioactivo; protección radiolóxica e protección do ambiente; riscos en función do material; disposicións particulares aplicables ao transporte de materias radioactivas; medidas especiais que deben adoptarse en caso de accidente ou incidente en que se vexan involucrados vehículos que transporten materias radioactivas.

Módulo 10. Sensibilización e educación viaria.

Duración: Catorce horas que se impartirán na aula, ben que catro delas serán desenvolvidas de forma individualizada para cada condutor en función das súas particularidades e unha delas será desenvolvida en debate en grupo.

Contido: Os accidentes de tráfico: a magnitude do problema; dinámica dun impacto e consecuencias para as vítimas; a conducción: unha tarefa de toma de decisións; aptitudes e capacidades básicas para unha conducción segura; os grupos de risco; a velocidade como factor de risco; o alcohol como factor de risco; as drogas de abuso como factor de risco; as enfermidades e os fármacos como factores de risco; a somnolencia como factor de risco; a fatiga como factor de risco; o estrés como factor de risco; seguranza activa e pasiva; a conducción preventiva; actuación en caso de accidente de tráfico; a importancia do cumprimento das normas de tráfico; debate grupal; dinámica de grupos.

Módulo 11. Protección dos animais durante o transporte de conformidade co Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección de animais durante o transporte e as operacións conexas.

Duración: Sete horas que se impartirán na aula.

Contido: Normativa europea, nacional e autonómica en materia de protección dos animais durante o transporte. Documentación administrativa; fisioloxía dos animais, necesidades de comida e auga, comportamento animal e concepto de estrés; aspectos prácticos do coidado e manexo de animais; efectos e repercusións de modo e práctica de conducción sobre o benestar dos animais; aptitude para o transporte dos animais; coidados de emerxencia aos animais; criterios de seguranza para o persoal que traballa con animais; aspectos de seguranza viaria relacionados co transporte de animais, e actuación en caso de accidente; limpeza e desinfección dos medios de transporte e contedores.

Módulo 12. Formación sobre transporte de mercadorías baixo temperatura dirixida.

Duración: Sete horas, que se impartirán na aula.

Contido: Normativa reguladora do Acordo sobre transportes internacionais de mercadorías perecedoiras e sobre vehículos especiais utilizados neses transportes (ATP), normativa de hixiene alimentaria (responsabilidades, boas prácticas de hixiene, cadea de frío, rastrexabilidade alimentaria, análise de perigos e puntos críticos de control -APPCC-), refrixeración básica, control de temperatura e boas prácticas no manexo do dispositivo do equipamento do frío incorporado aos distintos vehículos semirremolques necesario para o transporte efectivo de mercadorías. Formación práctica sobre transporte de mercadorías baixo temperatura dirixida.

Sección 3.ª Formación complementaria para os D, D+E, D1, D1+E

Para completar as trinta e cinco horas de duración da formación periódica, o alumno deberá realizar as restantes catorce horas que faltan optando por un ou dous módulos dos seguintes que se relacionan a seguir:

Módulo 4. Condución racional, anticipación e avaliación dos riscos.

Duración: Sete horas, que se impartirán na aula, ben que 1 hora poderá consistir, aínda que non necesariamente, en prácticas de condución individual en vehículo e/ou simulador, indistintamente.

a) Obxectivo 1.3 bis: Ser capaz de anticipar e avaliar os riscos do tráfico e de adaptarse a eles.

Contido: Ser consciente dos diferentes tipos de estrada, tráfico e condicións climáticas, adecuándose a eles; anticipar acontecementos, entender como se prepara e planifica unha viaxe en condicións meteorolóxicas extraordinarias; estar familiarizado co uso dos equipamentos de seguranza conexas e saber cando é necesario adiar ou anular unha

viaxe debido a condicións meteorolóxicas extremas; adaptarse aos riscos do tráfico, incluídos os comportamentos perigosos ou as distraccións ao volante (polo uso de dispositivos electrónicos, comer, beber, etcétera); recoñecer as situacións de perigo, actuando en consonancia, e ser capaz de xestionar o estrés que delas deriva, en particular polo que se refire ao tamaño e peso dos vehículos e aos usuarios vulnerables, tales como peóns, ciclistas e motoristas.

Identificar situacións potencialmente perigosas e interpretar correctamente se poderían desembocar en situacións en que xa non sería posible evitar os accidentes; escoller e pór en práctica accións que sirvan para aumentar a marxe de seguraza de forma que o accidente poida aínda evitarse en caso de materialización do perigo.

b) Obxectivo 3.5: Ter capacidade para avaliar situacións de emerxencia.

Contido: Comportamento en situacións de emerxencia: avaliación da situación, prevención do agravamento de accidentes, aviso aos servizos de socorro, auxilio aos feridos e aplicación dos primeiros socorros, reacción en caso de incendio, evacuación dos ocupantes do camión ou dos pasaxeiros do autocar, garantir a seguraza de todos os pasaxeiros, reaccións en caso de agresión; principios básicos da declaración amigable de accidente.

Módulo 5. Sensibilización sobre os dereitos dos viaxeiros con discapacidade de conformidade co Regulamento (UE) n.º 181/2011 do Parlamento Europeo e do Consello.

Duración: Sete horas que se impartirán na aula.

Contido: Normativa nacional e comunitaria do transporte accesible en autobús; o transporte de viaxeiros con discapacidade; atención ás persoas con discapacidade.

Módulo 6. Sensibilización e educación viaria.

Duración: Catorce horas que se impartirán na aula, ben que catro delas serán desenvolvidas de forma individualizada para cada condutor en función das súas particularidades e unha delas será desenvolvida en debate en grupo.

Contido: Os accidentes de tráfico: a magnitude do problema; dinámica dun impacto e consecuencias para as vítimas; a conducción: unha tarefa de toma de decisións; aptitudes e capacidades básicas para unha conducción segura; os grupos de risco; a velocidade como factor de risco; o alcohol como factor de risco; as drogas de abuso como factor de risco; as enfermidades e os fármacos como factores de risco; a somnolencia como factor de risco; a fatiga como factor de risco; o estrés como factor de risco; seguraza activa e pasiva; a conducción preventiva; actuación en caso de accidente de tráfico; a importancia do cumprimento das normas de tráfico; debate grupal; dinámica de grupos.

Módulo 7. Atención ao cliente de transporte de viaxeiros.

Duración: Sete horas, que se impartirán na aula.

Contido: a comunicación, as relacións cos demais, protocolo na atención ao cliente.

Módulo 8. Atención e información aos viaxeiros do autobús

Duración: Sete horas, que se impartirán na aula.

Contido: Procesos operativos da actividade do transporte de viaxeiros; xestión da carga e descarga do vehículo; mecanismos e fundamentos da comunicación no transporte de viaxeiros; atención ao cliente no transporte de viaxeiros.

Módulo 9. Protocolo de actuación para condutores ante un accidente.

Duración: Sete horas, ben que unha hora poderá consistir en prácticas que se impartirán na aula ou nun lugar adecuado.

Contido: Normativa nacional que regula a actuación; pautas de actuación básica e elementais de actuación en caso de accidente; breves nocións de actuación sobre feridos.

ANEXO II

Requisitos das empresas autorizadas como centros de formación

Para a obtención da autorización exixida no capítulo IV, o solicitante deberá acreditar as seguintes circunstancias:

1. Ser persoa física ou xurídica e, neste segundo suposto, ter personalidade xurídica propia e independente da daquelas persoas que, se for o caso, a integren.

En ningún suposto poderán outorgarse autorizacións de forma conxunta a máis dunha persoa nin a comunidades de bens.

Para efectos do cumprimento deste requisito, cando o titular da autorización teña nacionalidade española ou dalgún outro Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, ou de calquera outro Estado a cuxos cidadáns se estenda ese réxime de aplicación, así como aos membros das súas familias, deberá resultar acreditado que conta co correspondente número de identificación fiscal e que este número non foi revogado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, e que cumpre cos requisitos exixibles na normativa aplicable a todos eles.

Cando o titular da autorización teña unha nacionalidade distinta ás anteriores, deberá acreditarse que conta cunha autorización de residencia de longa duración ou de residencia temporal e traballo e, como no suposto anterior, co correspondente número de identificación fiscal vixente e non revogado.

Na comprobación do cumprimento dos requisitos sinalados no número anterior, o órgano competente deberá aterse exclusivamente aos datos que constan nos correspondentes rexistros do Ministerio do Interior e, se for o caso, nos da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

2. Dispor de sinatura electrónica recoñecida por un prestador de servizos de certificación.

3. Dispor do cadro de persoal mínimo imprescindible para o funcionamento da empresa CAP.

Para tal efecto, o solicitante deberá presentar unha relación completa de todos os traballadores adscritos ao referido cadro de persoal.

En todo caso, o solicitante deberá acreditar que conta, de forma estable, coas persoas que a seguir se relacionan, cuxa vinculación coa empresa CAP deberá resultar acreditada a través da oportuna documentación laboral, mercantil ou administrativa que xustifique a relación profesional:

a) Un director docente, que poderá coincidir co titular, a quen corresponderá programar, ordenar, controlar e comprobar de forma asidua e constante o desenvolvemento da actividade docente da empresa CAP no concernente ao réxime de ensino e actuación do persoal docente.

Para ser director docente requirirase ter exercido como profesor ou como director durante un período mínimo de tres anos nun centro de formación dos enumerados a seguir ou doutros de semellantes características:

- Centro de formación de condutores.
- Centro de formación de condutores de mercadorías perigosas.
- Centro de formación acreditado por un servizo de Emprego Público.
- Autoescola de condutores.
- Centro de formación profesional (FP).
- Centro de formación dunha determinada empresa, asociación ou organización sindical ou profesional.

- b) Un profesor especializado en materia de formación viaria.
- c) Un profesor especializado en materia de conducción racional, baseada nas normas de seguranza, e ambiental.
- d) Un profesor especializado en loxística e transportes por estrada.

- e) Un profesor especializado en transporte de materias perigosas.
- f) Un profesor especializado en equipamentos e medios de extinción de incendios.
- g) Un profesor especializado en primeiros auxilios.

O disposto neste punto enténdese sen prexuízo de que unha mesma persoa poida estar autorizada para exercer máis dunha función ou máis dunha actividade docente, sempre que conte coa especialización requirida en cada caso.

4. Dispor de locais adecuados para impartir, ao menos, a parte teórica dos cursos.

Para tal efecto, o solicitante deberá acreditar que dispón duns locais abertos ao público, de acordo cos requisitos de apertura que dispoña a normativa municipal correspondente, que resulten idóneos para a práctica docente e que reúnan as debidas condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade, de seguranza e de accesos ordinarios de persoas, ademais daquelas medidas previstas para persoas con discapacidade exixidas pola lexislación vixente.

En todo caso, os locais deberán reunir os seguintes requisitos mínimos:

- a) Unha aula, cuxa superficie non poderá ser inferior a 1,5 metros cadrados por alumno.
- b) Un espazo para servizos xerais do centro.
- c) Dispor dun sistema de control de acceso biométrico que cumpra as características que determine a Dirección Xeral de Transporte Terrestre co fin de facilitar o control de asistencia aos cursos que se impartan, tanto na parte de formación impartida na aula como da impartida a bordo dun vehículo.

Cando o solicitante non acredite dispor por si mesmo das instalacións e medios adecuados para que todos os alumnos poidan realizar as prácticas comprendidas no anexo IV, deberá xustificar documentalente ante o órgano competente ter concertado a realización de tales prácticas con algún organismo, empresa ou entidade especializado nesa materia que dispoña de tales instalacións, medios e equipamentos, circunstancia que se fará constar na correspondente autorización.

5. Dispor dos vehículos que resulten necesarios para a realización das prácticas sinaladas no anexo IV. En todo caso, deberase dispor de ao menos un vehículo da categoría adecuada a cada clase de curso que requira unha formación práctica e á clase de permiso de condución afectada.

Cando o solicitante non acredite dispor por si mesmo de tales vehículos, deberá xustificar documentalente ante o órgano competente ter concertado a utilización dos vehículos que resulten necesarios con algún organismo, empresa ou entidade que si dispoña deles, circunstancia que se fará constar na correspondente autorización.

6. Dispor, ao menos, do seguinte material didáctico:

- a) Material que resulte adecuado para o ensino da normativa reguladora da circulación e o transporte, a súa documentación, sinais, marcas e distintivos; a adecuada realización das operacións de carga e descarga, manobras, etcétera, dos vehículos; a saúde e o comportamento adecuado durante o transporte e en casos de emerxencia, e a regulación e cumprimento das normas reguladoras en materia de tempos de traballo, condución e descanso no transporte por estrada.
- b) O equipamento necesario para proxectar, se for o caso, eficazmente o material a que se refire o número anterior.
- c) Un manequín de reanimación cardiopulmonar básica para adultos que permita a sublucación mandibular, a ventilación boca a boca e boca a nariz, a masaxe cardíaca externa e a valoración do pulso carotídeo, co seu correspondente sistema de rexistro das técnicas elementais, nas debidas condicións de funcionamento e hixiene para ser utilizado no ensino e prácticas dos primeiros auxilios.

Cando o centro non dispoña deste material por si mesmo, deberá acreditar ter concertado a realización das prácticas que impliquen o uso de do manequín con algún organismo, empresa ou entidade que si dispoña del.

d) Aparellos tacógrafos analóxico e dixital e sistemas ou programas de simulación destes equipamentos de control, que permitan a súa utilización, de maneira física ou virtual, polos alumnos.

e) Modelos da documentación de transporte por estrada exixidos pola normativa

f) Un modelo de carta de porte.

7. Xunto ás anteriores exixencias, o solicitante deberá achegar o programa de cualificación e formación que prevexa impartir, indicando o seu plan de execución e os métodos de ensino previstos, así como, se for o caso, as condicións de acceso e participación nos cursos.

ANEXO III

Homologación de cursos

As empresas CAP que pretendan a homologación dun curso modelo deberán presentar ante o órgano administrativo competente unha memoria en que constará:

a) O programa desenvolvido de coñecementos que serán impartidos no curso, que tomará como base a táboa de materias contida no anexo I, todas as cales deberán ter reflexo no referido programa.

b) Duración do curso e de cada un dos módulos ou partes que nel interveñan.

c) Número de horas dedicadas a prácticas, os tipos de clases prácticas e indicación, en caso de conducción, de cantas horas se realizan en simuladores de alto nivel.

d) Número de profesores necesarios para impartir o curso, indicando a súa titulación ou nivel de experiencia e as materias que serán impartidas por cada un dos profesores en función da súa especialización.

e) Número máximo de alumnos que poderán concorrer ao curso, que non poderá ser en ningún caso superior a 20, nas materias do curso impartidas presencialmente.

ANEXO IV

Mecánica e contido dos cursos de formación

Sección 1.^a Comunicación da realización de cursos

1. Para os efectos previstos no artigo 12.1, as empresas CAP deberán comunicar electronicamente ao órgano competente no territorio en que se imparta cada curso que vaian realizar. Nesta comunicación, que deberá ser subscrita polo director do centro, constarán, ao menos, os seguintes datos:

a) A clase de curso que se vai impartir, especificando se é de cualificación inicial, ordinaria ou acelerada, ou de formación continua, así como o curso modelo homologado a que se axustarán e a modalidade de impartición, presencial ou a distancia.

b) As datas de inicio e finalización do curso, así como a súa programación, na cal se precisarán, como mínimo, o horario das clases e o contido de cada unha delas.

c) O lugar e instalacións, data e hora en que se realizarán as probas e exercicios prácticos.

d) Relación dos profesores que impartirán o curso, indicando as súas respectivas especialidades.

e) Relación dos participantes no curso, na cal constarán o seu nome e apelidos e número do documento nacional de identidade ou número de identidade de estranxeiro, así como a clase ou clases de permiso de conducción en vigor de que, se for o caso, sexan titulares.

2. Conforme o disposto no artigo 12.2, calquera variación dos datos relativos a un curso inicialmente comunicado deberá ser, así mesmo, notificada electronicamente ao órgano competente con, ao menos, a seguinte anticipación:

a) A modificación do contido do curso ou das súas datas de inicio, desenvolvemento ou finalización, e modalidade de impartición con, ao menos, vinte e catro horas de anticipación á data inicialmente prevista para o inicio do curso.

b) A substitución dalgún dos profesores que vaian impartir o curso con, ao menos, vinte e catro horas de anticipación á data en que ese profesor vaia iniciar a súa participación naquel.

c) O abandono ou exclusión do curso por parte dalgún dos alumnos inicialmente comunicados, inmediatamente de que tal feito se produza.

Para os efectos previstos nesta alínea, deberá terse en conta que cando un alumno deixe de asistir, por calquera causa, a un cinco por cento ou máis das horas do curso, correspondentes indistintamente a formación presencial ou práctica, deberá ser excluído deste. Sen prexuízo disto, o centro poderá, así mesmo, excluír aqueles alumnos que deixasen de asistir a unha parte do curso que, ao seu xuízo, abordase contidos determinantes da validez deste.

Sección 2.^a Contido e duración das prácticas nos cursos de formación

Nos cursos destinados á obtención da cualificación inicial na súa modalidade ordinaria, cada alumno deberá efectuar ao menos vinte horas de condución individual nun vehículo da categoría correspondente.

Cada condutor poderá efectuar oito horas, como máximo, das vinte horas de condución individual nun terreo especial ou nun simulador de alto nivel a fin de avaliar a formación sobre condución racional baseada nas normas de seguranza, en particular polo que respecta ao control do vehículo en función dos distintos estados da calzada, así como das súas variacións en relación coas condicións atmosféricas e a hora do día ou da noite.

Para os condutores que sexan titulares do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial ordinaria para transporte de mercadorías e desexen obter a correspondente a viaxeiros, ou viceversa, a duración da nova cualificación inicial será de setenta horas, das cales cinco serán de condución individual.

Cando a modalidade de obtención da cualificación inicial sexa a acelerada, cada alumno deberá efectuar, nos termos anteriormente sinalados, ao menos 10 horas de condución individual, das cales até un máximo de catro poderán realizarse nun terreo especial ou nun simulador de alto nivel a fin de avaliar a formación sobre condución racional baseada nas normas de seguranza, en particular polo que respecta ao control do vehículo en función dos distintos estados da calzada, así como das súas variacións en relación coas condicións atmosféricas e a hora do día ou da noite.

Para os condutores que sexan titulares do certificado de aptitude profesional acreditativo da cualificación inicial acelerada correspondente ao transporte de mercadorías e desexen obter o de viaxeiros ou viceversa, a cualificación inicial acelerada terá unha duración de trinta e cinco horas, das cales dúas horas e trinta minutos estarán destinadas á condución individual.

Durante a condución individual, o alumno deberá encontrarse, en todos os casos, acompañado por un instrutor do centro.

Os cursos de formación continua incluírán unha parte práctica dunha hora de duración, que poderá consistir, aínda que non necesariamente, en prácticas de condución individual en vehículo ou/e simulador de alto nivel, de conformidade co programa dos cursos de formación continua regulado no anexo I, letra B).

Se se realizan prácticas de condución en vías abertas á circulación xeral sen que o condutor sexa titular do permiso de condución correspondente, o vehículo utilizado deberá cumprir os requisitos establecidos para estes efectos no anexo VII do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.

ANEXO V**Exames de cualificación inicial***Sección 1.^a Exercicios*

Ao termo dos correspondentes cursos de formación, as autoridades competentes someterán os aspirantes á obtención da cualificación inicial a un exame escrito ou oral.

1. O exame constará de cen preguntas tipo test, cada unha das cales contará con catro respostas alternativas, sobre o contido das materias incluídas no anexo I, letra A), sección 1.^a, e seccións 2.^a ou 3.^a, segundo a clase de permisos de condución a que se refira.

Vinte e cinco de tales preguntas estarán referidas a formación obrigatoria específica regulada no anexo I, letra A), sección 2.^a ou sección 3.^a, segundo a clase de permiso de condución a que se refira.

O exame incluirá, en todo caso, ao menos unha pregunta relativa a cada un dos obxectivos enumerados no anexo I, letra A), sección 1.^a, e seccións 2.^a ou 3.^a, tendo en conta a clase de permiso de condución a que se refira.

2. O tempo para a realización do exame non será inferior a 2 horas.

3. As respostas correctas valoraranse con 1 punto e as contestadas erroneamente penalizaranse con 0,5 puntos negativos. As preguntas non contestadas ou que conteñan máis dunha resposta non puntuarán positiva nin negativamente.

4. Para aprobar será necesario obter unha puntuación non inferior á metade do total de puntos posibles.

Sección 2.^a Designación de tribunais

1. En caso de non determinarse na propia convocatoria, o órgano convocante deberá, con posterioridade a esta, designar o tribunal ou tribunais das probas e sinalar a data, hora e lugar de realización dos exercicios, procedendo, así mesmo, á súa publicación no correspondente boletín oficial con ao menos 10 días de anticipación á celebración do primeiro exercicio.

2. Os tribunais das probas estarán formados por cinco membros: o presidente, tres vogais e o secretario, que actuará con voz e voto, e poderán designarse membros suplentes dos anteriores. O presidente e os vogais deberán ser nomeados entre funcionarios de carreira pertencentes a corpos ou escalas do subgrupo A1 e estar especializados nas materias sobre as cales versen as probas. O secretario deberá ter a condición de funcionario pertencente a un corpo ou escala ao menos do subgrupo C1.

ANEXO VI**Tarxeta de cualificación do condutor**

1. A tarxeta constará de anverso e reverso:

No anverso figurarán:

a) A mención «tarxeta de cualificación do condutor» impresa en caracteres grandes na lingua ou linguas oficiais do Estado membro que expide a tarxeta.

b) A mención do nome do Estado membro que expide a tarxeta (mención facultativa).

c) O signo distintivo do Estado membro que expide a tarxeta, impreso en negativo nun rectángulo azul e rodeado de doce estrelas amarelas.

d) A información específica da tarxeta expedida, numerada do seguinte modo:

1. Apelidos do titular.
2. Nome do titular.

3. Data e lugar de nacemento do titular.
- 4a. Data de expedición da tarxeta.
- 4b. Data de expiración da tarxeta.
- 4c. Designación da autoridade que expide a tarxeta (pode imprimirse no reverso).
- 4d. Un número distinto do número do permiso de condución, para uso administrativo (mención facultativa).
- 5a. Número do permiso de condución.
- 5b. Número de serie da tarxeta.
6. Fotografía do titular.
7. Sinatura do titular.
8. Residencia, domicilio ou enderezo postal do titular (mención facultativa).
9. Categorias de vehículos para as cales o condutor cumpre as obrigacións de cualificación inicial e de formación continua.

e) A mención «modelo da Unión Europea» na lingua do Estado español e a mención «tarxeta de cualificación do condutor» nas demais linguas oficiais da Comunidade, impresas en azul para formar a trama da tarxeta:

tarjeta de cualificación del conductor
карта за квалификация на водача
Osvědčení profesní způsobilosti řidiče
chaufføruddannelsesbevis
Fahrerqualifizierungsnachweis
juhi ametipädevuse kaart
δελτίο επιμόρφωσης οδηγού
driver qualification card
carte de qualification de conducteur
cárta cáilíochta tiomána
kvalifikacijska kartica vozača
carta di qualificazione del conducente
vadītāja kvalifikācijas apliecība
vairuotojo kvalifikacinė kortelė
gépjarművezetői képesítési igazolvány
karta ta' kwalifikazzjoni tas-sewwieq
kwalificatiekaart bestuurder
karta kwalifikacji kierowcy
carta de qualificação do motorista
cartela de pregătire profesională a conducătorului auto
preukaz o kvalifikácii vodiča
kartica o usposobljenosti voznika
kuljettajan ammattipätevyyskortti
yrkeskompetensbevis för förare

f) As cores de referencia:

Azul: Pantone Reflex blue.
Amarelo: Pantone yellow.

No reverso figurarán:

a).9 Categorias de vehículos para as cales o condutor cumpre as obrigacións de cualificación inicial e de formación continua.

10. Código harmonizado da Unión Europea «95», mencionado no anexo I da Directiva 2006/126/CE.

11. Un espazo reservado para que se poidan inscribir mencións indispensables para a súa xestión ou relativas á seguranza viaria (mención facultativa). En caso de que a dita

mención pertenza a unha rúbrica definida neste anexo, deberá ir precedida do número da rúbrica correspondente.


b) Unha explicación das rúbricas numeradas que aparecen no anverso e no reverso da tarxeta (ao menos as rúbricas 1, 2, 3, 4a, 4b, 4c, 5a, 5b e 10).

En caso de que un Estado membro desexe redactar as ditas inscricións nunha lingua nacional que non sexa unha das linguas seguintes: búlgaro, castelán, checo, danés, alemán, estonio, grego, inglés, francés, italiano, letón, lituano, húngaro, maltés, neerlandés, polaco, romanés, portugués, eslovaco, esloveno, finés ou sueco, elaborará unha versión bilingüe da tarxeta utilizando unha das linguas mencionadas, sen prexuízo das restantes disposicións deste anexo.

2. Características de seguranza, con inclusión da protección de datos persoais.

Os diferentes elementos constitutivos da tarxeta de condutor teñen por obxecto descartar toda posibilidade de falsificación ou manipulación fraudulenta e detectar toda tentativa deste tipo.

Anverso

	TARJETA DE CUALIFICACIÓN DEL CONDUCTOR		(ESTADO MIEMBRO)
	6. FOTOGRAFÍA 	1. 2. 3. 4a. 4b. 4c. (4d.) 5a. 5b. 7. (8.)	
9.			

Reverso

11.	9.	10.
	C1	
	C	
	D1	
	D	
	C1E	
	CE	
	D1E	
	DE	

1. Apellidos
 2. Nombre
 3. Fecha y lugar de nacimiento
 4a. Fecha de expedición
 4b. Fecha de caducidad administrativa
 4c. Expedido por
 5a. Número del permiso de conducción
 5b. Número de serie de la tarjeta
 10. ►⁽¹⁾ Código de la Unión ◀